

IES Antón Losada Diéguez

Curso 2021-22

Programacións do Departamento de Xeografía e Historia

Educación Secundaria Obrigatoria:

1º Xeografía e Historia

2º Xeografía e Historia

3º Xeografía e Historia

4º Xeografía e Historia

Bacharelato:

1º Historia do Mundo Contemporáneo

2º Historia de España

2º Xeografía

2º Historia da Arte

a) Introducción

Para o presente curso 2021-22, contamos con dous grupos de 26 e 27 alumnos-as. Dúas persoas repiten en A, e unha en B.

Grupo	Nº alumnos	Repetidores	Pendientes
A	27	2	0
B	26	1	0

Case todos os alumnos-as proceden do mesmo CEIP e formaron parte dun mesmo grupo o pasado curso.

Das observacións realizadas durante as primeiras clases non constatamos grandes diferenzas entre os grupos. A motivación e actitude cara á materia parece positiva e o comportamento correcto.

As tres sesións semanais de clase desenvólvense nas aulas que teñen asignadas como tutoría. As aulas non son pequenas pero co distanciamento que se pide polo covid 19, quedan moi xustas. Están ben iluminadas.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

- Competencia en comunicación lingüística (**CCL**). Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
- Competencia dixital (**CD**). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- Aprender a aprender (**CPAA**). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.
- Competencias sociais e cívicas (**CSC**). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (**SIE**). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
- Conciencia e expresións culturais (**CEC**). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentestipos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC

c) Obxectivos

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa

mellora.

- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas.

d) Estándares de aprendizaxe:

1º Temporalización. 2º Grao mínimo de consecución para superar a materia (en negra). 3º Instrumentos de avaliación.

Temporalización	Estándares de aprendizaxe
Trimestre (sesións)	
T1º (2)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
T1º (1)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.
T1º (1)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.
T1º (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.
T1º e 3º (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
T1º,2º,3º (6)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.

Temporalización	Estándares de aprendizaxe
Trimestre (sesións)	
T1º e 3º (6)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
T1º (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
T1º (3)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.
T1º (2)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.
T1º e 3º (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
T1º, 2º, 3º (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
T1º e 2º (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.
T2º (1)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.
T2º e 3º (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
T2º (1)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

Temporalización	Estándares de aprendizaxe
Trimestre (sesións)	
T1°,2°,3° (6)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
T2° (2)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
T2° (1)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.
T2° e 3° (4)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
2°T (2)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
2°T (1)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".
2°T (3)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
2°T (2)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
2°T (5)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos

Temporalización	Estándares de aprendizaxe
Trimestre (sesións)	
2ºT (3)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.
3ºT (3)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
3ºT (2)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.
3ºT (2)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
3ºT (3)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

<p>XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.</p> <p>XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.</p> <p>XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters</p> <p>XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas</p> <p>XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características</p> <p>XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1.</p> <p>T2.</p> <p>TL</p> <p>TA. Tralballo con Google maps</p>
<p>XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial</p> <p>XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais continentes, illas e arquipélagos máis importantes, cadeas montañosas principais</p> <p>XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo</p> <p>XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1.</p> <p>T2.</p> <p>TL.</p> <p>TA.</p>
<p>XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, e ríos</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1.</p> <p>T2</p> <p>TL</p> <p>TA.</p>
<p>XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa</p> <p>XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente</p> <p>XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1. Elaborar un climograma</p> <p>T2.</p> <p>TL</p> <p>TA.</p>
<p>XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais</p> <p>B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1 Tralballo sobre a contaminación na contorna</p> <p>T2 Tralballo sobre o cambio climático</p> <p>TL Fragmento Os últimos días de Pompeia.</p> <p>TA.</p>

<p>XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado</p> <p>XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas</p> <p>XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.</p> <p>XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade</p> <p>XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos</p> <p>XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época</p> <p>XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana</p> <p>XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.</p> <p>XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.</p> <p>XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un</p> <p>XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.</p> <p>XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1. Traballo arte rupestre</p> <p>T2 Elaboración gráfico evolución dos homínidos</p> <p>TL.Fragmento El valle de los caballos</p> <p>TA. Exercicios de cronoloxía</p>
<p>XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.</p> <p>XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).</p> <p>XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.</p> <p>XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto</p> <p>XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén</p> <p>XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio</p> <p>XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica</p> <p>XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1.</p> <p>T2 Traballo de creación literaria sobre esta época histórica</p> <p>TL Lectura sobre momificación</p> <p>TA</p>

<p>XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos</p> <p>XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais</p> <p>XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo</p> <p>XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.</p> <p>XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno</p> <p>XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo</p> <p>XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica</p> <p>XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1 Comentario sobre o Partenón</p> <p>T2 Traballo sobre Panteón grego</p> <p>TL Fragmentos de As aventuras de Ulises</p> <p>TA.</p>
<p>XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma</p> <p>XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga</p> <p>XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana</p> <p>XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana</p> <p>XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade</p> <p>XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos</p> <p>XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época</p>	<p>Proba escrita</p> <p>T1 Comentar unha obra de arte romana</p> <p>T2 Investigar sobre personaxes históricos romanos</p> <p>TL. Fragmento de Guárdate de los Idus</p> <p>TA.</p>

e) Concrecións metodolóxicas.

Nestos grupos que se incorporan a un novo centro, por riba dos obxectivos específicos da nosa materia procuraremos unha incorporación afable e motivadora na que se respecten e valoren as individualidades á vez que se asumen as normas para a boa marcha das clases e do instituto.

Coidarase a integración no grupo e participación mediante a realización responsable de servizos temporais voluntarios

Os tempos de explicación e atención (documentais, lectura...) serán reducidos e nunha mesma sesión procuraremos realizar actividades de diverso tipo. Ocupará un tempo importante a participación oral (lectura, corrección de exercicios, debates etc.) valorando a atención respectuosa dos compañeiros-as. Polo xeral non haberá actividades obrigatorias para realizar na casa agás completar exercicios non finalizados ou mellorar a presentación de traballos realizados no caderno. Todas as tarefas deben ser entregadas a través de E dixgal. Alí se poñerán todas as tarefas a realizar e todos os materiais que se queiran visualizar.

Mediante os traballos individuais seremos respectuosos co ritmo de traballo de cada alumno-a intentando ofrecer apoios onde sexa necesario e vías de ampliación para os que así o requiran.

A materia ocupa tres sesións semanas de cincuenta minutos que se desenvolven na mesma aula. A aula posúe un canón para realizar proxeccións e conexión a internet. Cada alumno-a conta cun ordenador persoal (iniciativa E-Dixgal); se se dera o caso de uso indebido desta ferramenta de aprendizaxe a familia será informada e tomaranse as medidas oportunas.

CLASES SEMIPRESENCIAIS OU NON PRESENCIAIS.

En caso de non poder realizar as clases de maneira ordinaria polo covid 19:

En caso de semipresencialidade usaremos a sesión presencial para as explicacións e dúbidas e o resto de sesións para elaborar as tarefas.

En caso de non presencialidade, teremos, a lo menos unha clase telemática para explicar contidos. Usaremos medios corporativos para realizala. Todo o material estará no dispositivo E dixgal. O alumnado entregará por este medio todas as tarefas. Usaremos o correo electrónico habilitado para a materia de forma excepcional.

A probas escritas realizaranse tamén de forma telemática usando medios corporativos.

f) Materiais e recursos didácticos

A diversidade de alumnado esixe diversidade de materiais para poder responder en consonancia co principio de individualización do ensino. No que á selección de materiais se refire, trátase de escoller aqueles que interesen aos alumnos e de elixir contidos relevantes, ademais de propiciar actividades favorables ás novas aprendizaxes tecnolóxicas. O centro ofrece unha ampla gama de materiais e recursos didácticos como medios audiovisuais, aula de informática e, sobre todo, relacionada coa nosa materia, unha biblioteca.

Materiais impresos: empreganse os libros de texto Obradoiro Santillana de Xeografía e Historia de 1º da ESO disponibles no centro, ademais de material complementario normalmente fotocopiado. A cartografía (mapas e planos, fotografía aérea e imaxes satélite) ocupará un papel esencial ao longo do curso.

Materiais audiovisuais: Usarase preferentemente o canón da aula para a proxección de imaxes e videos tendo en conta os tempos óptimos para a visualización e comprensión.

Libro dixital: O alumnado de 1º de ESO participa do proxecto E-Dixgal de xeito que posúe un ordenador portátil. Aproveitaremos actividades, exercicios de autoavaliación, enlaces etc. A posibilidade de conexión a internet facilitará a realización de actividades transversais, obrigatorias ou voluntarias, programadas polo profesor ou que poidan xurdir a partir de intervencións orais. O tempo de pantalla ocupará unha parte da sesión, a principal finalidade residirá na motivación e autoaprendizaxe.

g) Criterios sobre avaliación e cualificación.

Os procedementos ou técnicas que se empregarán para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas, elaboradas en base aos contidos específicos para cada unidade.
- Observación sistemática na aula, recollida no caderno do profesor.
- Producións do alumnado: Traballos individuais realizados na clase ou na casa normalmente recollidos no caderno de aula; Intervencións orais, participación activa na clase.

Para que a avaliación sexa efectiva, o alumnado recibirá pautas claras sobre como se vai avaliar. A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas a través dos procedementos utilizados, que deben ser variados e capaces de ofrecer información relevante sobre o cumprimento dos estándares da área e dos obxectivos xerais. Para iso en 1º de ESO valoraranse os estándares seguindo o seguinte baremo:

a.- Nota de exame

Equivale ao 60 % do total da nota da avaliación.

Realízase un mínimo de dúas probas escritas por avaliación.

b.- Nota por realización de actividades e participación.

Equivale ao 40% do total da nota da avaliación. Haberá tres entregas de traballos por cada unidade didáctica: T1, T2 e Tlectura. Ademais estará o TA, traballo de aula. T1 puntúa 15%, T2, 10%, Tlectura, 5% e TA, 10%.

A nota de avaliación será a media das notas obtidas en cada unidade . A nota final será a media das tres avaliacións. Haberá proba de recuperación despois de cada avaliación. O alumnado que non supere os mínimos esixibles en convocatoria ordinaria terá a convocatoria extraordinaria de setembro, que consistirá só nunha proba escrita con contidos explicados nas tres avaliacións.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia práctica docente é imprescindible. Será global, formativa e continua para poder adoptar medidas de reforzo educativo. Para iso é necesario facer unha autoavaliación crítica da programación e das unidades para melloralas e contrastar experiencias:

O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?

Consegiuse motivar ao alumnado para obter un rendemento satisfactorio?

Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?

Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas adecuadas para atender ao alumnado con necesidade de reforzo?

Usáronse distintos instrumentos de avaliación?. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?

Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
5. Combinase o traballo individual e en grupo.				
6. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
7. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
8. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. Valoración da iniciativa E-Dixgal.				
9. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
10. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
13. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. (se procede)				

14. As medidas de apoio están claramente vinculadas aos estándares.				
15. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

k) Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

A avaliación inicial é o punto de referencia do equipo docente na toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e a súa adecuación ás características do alumnado. Aporta información para poder definir, modificar ou enriquecer o proceso educativo que se ofrece ao grupo e a cada un dos alumnos cos que se vai traballar. A información axuda na planificación educativa que ten en conta os coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado, así como as características do entorno no que se desenvolva. Esta avaliación presta tamén atención á maneira de afrontar o alumnado os seu aprendizaxe, de modo que ademais de perfilar o que hai que traballar, indica como hai que traballar.

O uso dun único instrumento de avaliación non garante a recollida de toda a información necesaria, así que usaremos varios: unha lista de observación para recoller información sobre a interacción do alumnado; unha entrevista persoal que nos axuda a obter datos sobre a disposición, ánimo, actitude etc. coa que o alumno-a se enfrenta a aprendizaxe e unha proba específica que nos ofrece información sobre o que o alumnado sabe facer coas aprendizaxes xa traballadas, como se organiza para tomar decisións sen axuda, etc.

Como consecuencia dos resultados desta avaliación inicial, tomaremos as seguintes medidas se é necesario:

- Desenvolver prácticas educativas que favorezan a participación e a aprendizaxe dos alumnos: estratexias metodolóxicas como a aprendizaxe cooperativa; adecuación das actividades aos diferentes niveis de competencia curricular do alumnado; selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación; cambios de ubicación na aula etc.
- Realizar actividades de apoio e recuperación para aqueles alumnos que o necesitan.
- Adaptacións de acceso á información, das condicións de realización das probas, etc.
- Medidas específicas extraordinarias como: adaptacións curriculares significativas (ACS), fórmulas de escolarización, etc.

l) Medidas de atención á diversidade

A diversidade é un elemento diario na práctica docente, polo que segundo as necesidades de cada momento, axustaremos a nosa actuación ao aula. Isto debe conlevar, polo tanto, á necesidade de adaptar as actividades e o ritmo dos alumnos-as.

As diferenzas aprécianse xa desde o momento no que se inicia o proceso educativo; a falta de entendemento dun contido pode ser debida a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do alumno ou a que estes se imparten con demasiada rapidez e non dá tempo a unha mínima comprensión. Ao principio de cada unidade didáctica, realizaranse actividades que permitan a detección de ideas previas para sentar un punto de partida ao desenvolvemento da unidade. Logo, mediante a observación da evolución de cada alumno, proporanse actividades adaptadas ao seu nivel de aprendizaxe, coñecidas como actividades de reforzo e actividades de ampliación.

As Actividades de reforzo realizadas ao longo da unidade didáctica interrogan ao alumno sobre aspectos moi básicos que deben dominar a achega da materia de Xeografía e Historia e que serven de punto de partida para a aprendizaxe de novos contidos. Ao final de cada tema realizaranse actividades dirixidas a reafirmar conceptos, procedementos ou actitudes que algún dos alumnos do grupo non asimilen ben.

As Actividades de Ampliación van dirixidas ao alumnado que polo seu maior grado de madurez intelectual necesita problemas que lles permitan obter un maior rendemento no proceso de aprendizaxe significativa. Estas actividades consistirían no tratamento e lectura de material complementario e pequenas

investigacións.

Outro aspecto que consideramos interesante para atender á posible diversidade dentro do aula é a formación de grupos de traballo nos cales se integren alumnos cunhas maiores dificultades para asimilar os contidos da materia xunto con outros cun maior desenvolvemento psico-cognitivo. Búscase a creación de lazos de solidariedade e que aqueles alumnos cun nivel máis avanzado sirvan aos seus compañeiros, mediante a axuda e a motivación, de ponte para conseguir os obxectivos comúns da materia.

Para o alumnado con maior nivel académico propoñeranse actividades de ampliación que estimulen a súa creatividade e autonomía.

m) Elementos transversais

Na aprendizaxe da Xeografía e a Historia ocuparán un espazo importante a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos, o rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Como é de esperar, na materia de Xeografía e Historia se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC que serven de referente operativo e se procura a súa utilización ao longo do curso a través do uso de Internet (como fonte de información e práctica de diversos contidos mediante actividades interactivas), dun procesador de textos (para a expresión e creación persoal), de vídeos, etc.

Igualmente, o emprendemento se traballará tentando que os alumnos teñan confianza en si mesmos, tomen a iniciativa para realizar diferentes actividades e as poñan en práctica na vida real. Con estes obxectivos, invítase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas, a buscar orientación ou axuda cando a necesiten, a compartir e a organizar o traballo en grupo.

A educación cívica e constitucional é un referente permanente nas actividades da materia e nas relacións interpersoais, tanto entre os propios alumnos como nas súas relacións e comunicación co profesor. Resultan de especial relevancia as accións para a mellora da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo, a empatía e a resolución de conflitos.

En canto á interdisciplinabilidade, as unidades traballan contidos que se relacionan cos doutras asignaturas. Así, distintas unidades didácticas teñen unha relación directa co mundo do pensamento filosófico; as crises e bonanzas do desenvolvemento económico entroncan con temas comúns que atopamos en programacións de Economía. En todas as unidades estará presente o coñecemento xeográfico (mapas, fluxos, etc.), matemático (gráficas, cálculos...), e as conexións coa Literaturas e as linguas.

ñ) Actividades complementarias e extraescolares.

*En colaboración coa Biblioteca. Participación na iniciativa *Hora de ler* (unha sesión por trimestre e grupo)

*Visita ao Parque arqueolóxico da arte rupestre (Campo Lameiro) no segundo trimestre. Se a situación o permite por causa do covid 19. Faríase por grupos separados.

Obxectivos: Analizar e valorar o patrimonio histórico-artístico. Introducir conceptos de prehistoria. Fomentar lazos entre o. (Contamos coa participación dos titores de cada grupo).

Precio aproximado: 5 euros (entrada museo-parque, guía e obradoiro). O IES corre cos gastos de desprazamento en bus.

Asistencia a calquer evento cultural, relacionado coa materia que xurda ao longo do curso.

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

A análise dos resultados das diferentes avaliacións do alumnado levará á introdución das melloras que

se estimen necesarias na programación didáctica seguindo o modelo seguinte:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				

19. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
20. Adecuación dos programas de apoio e recuperación vinculados aos estándares.				
21. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. (se procede)				
22. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
23. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
24. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
25. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. Valoración da iniciativa E-Dixgal				

a) Introducción

Para o presente curso 2020-21, contamos con dous grupos de alumnos-as: A con 25 e B con 25. Nos dous grupos hai alumnos/as que proceden doutro centro de ensino, a adaptación ó centro e grupo parece boa. O profesor encargado da materia coñece ben a traxectoria dos grupos no curso pasado. A motivación e actitude cara á materia é positiva e o comportamento correcto. No grupo A hai un alumno con NEE. En colaboración co departamento de Orientación faráselle unha ACI moi significativa como no curso anterior. As tres sesións de clase desenvólvense nas aulas que teñen asignadas como tutoría. As aulas reúnen os requisitos mínimos establecidos para este curso.

Grupo	Alumnos	Repetidores	Pendientes
A	25	3	0
B	25	1	3

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística (CCL) Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

Aprender a aprender (CPAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.

Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrática na vida social e cívica.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

Conciencia e expresións culturais (CEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico	
<ul style="list-style-type: none"> • XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CD 			
--	--	--	--	--

<ul style="list-style-type: none"> • XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CCL • CD 			
	Bloque 2. O espazo humano			
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • e • f • g • l • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Organización política e territorial de España 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España 	<ul style="list-style-type: none"> • XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidade 	<ol style="list-style-type: none"> 1. CCL 2. CMCCT 3. CD 4. CAA 5. CSC

			<p>s aut óno mas , capi tais, pro vinc ias e illas .</p>	
<p>1. b 2. e 3. c 4. f 5. g 6. h</p>	<p>1. B2.2. Sec tores de acti vida de eco nó mic a.</p>	<p>1) B2.2. Ana lizar os dat os do pes o do sect or terci ario dun país fron te aos do sect or pri mar io e sec und ario , e extr aer con clus ións .</p>	<p>1. XHB2.2.1. Co mp ara a pob oaci ón acti va de cad a sect or en dive rsos país es e anal iza o gra o de des env olve me nto que am osa n este s dat os.</p>	<p>1. CCL 2. CMCCT 3. CD 4. CAA 5. CSC</p>

<p>1. b 2. c 3. e 4. f 5. g 6. h</p>	<p>1. B2.3. Sector es económicos en Europa, en España e en Galicia.</p>	<p>1. B2.3. Reconocer las actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.</p>	<p>1. XHB2.3.1. Diferencia los sectores económicos europeos.</p>	<p>1. CCL 2. CMCCT 3. CAA 4. CSC</p>
<p>1. b 2. e 3. f 4. g 5. h</p>	<p>1. B2.4. Sistemas económicos del mundo.</p>	<p>§ B2.4. Conocer las características de diversos tipos de sistemas económicos</p>	<p>§ XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos de la sua interrelación dentro del sistema económico.</p>	<p>§ CCL § CSIEE § CCL § CAA § CSC</p>

<p>§ b § c § e § f § g § h § l § m § ñ</p>	<p>§ B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvimento sustentável</p>	<p>§ B2.5. Entender a ideia de desenvolvimento sustentável e suas implicações</p>	<p>§ XHB2.5.1. Definir o desenvolvimento sustentável e descrever os conceitos chave relacionados com el.</p>	<p>§ CCL § CMCCT § CD § CAA § CSC</p>
<p>§ b § e § f § g § h</p>	<p>§ B2.6. Recursos naturais e atividades agrícolas.</p>	<p>§ B2.6. Localizar os recursos agrícolas e naturais no mapa mundial.</p>	<p>§ XHB2.6.1. Situar no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recursos agrícolas no mundo, e as mais importantes masas florestais do</p>	<p>§ CAA § CD § CMCCT</p>

			mu ndo .	
--	--	--	----------------	--

<p>§ XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.</p>	<p>§ CAA § CSIEE § CD § CMCCT</p>			
--	---	--	--	--

<p>§ XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas prod</p>	<p>§ CD § CAA § CSIEE § CMCCT</p>			
--	---	--	--	--

<p>utoras e consumidoras de energía no mundo.</p>				
---	--	--	--	--

<p>§ XHB2.6.4. Identifica e nom ea algunas energías alternativas.</p>	<p>§ CCL § CAA § CSIEE § CMCCT</p>			
<p>§ b § c § e § f § g § h § m</p>	<p>§ B2.7. Pesca: tipos e problemática.</p>	<p>§ B2.7. Explica e localiza los tipos de pesca e los seus problemas.</p>	<p>§ XHB2.7. 1. Procura información sobre a sobree explotación dos caladoiros de pesca, usando recursos</p>	<p>§ CCL § CMCCT § CD § CAA § CSC § CSIEE</p>

			os imp res os e dixi tais .	
§ b § e § f § g § h	§ B2.8. Sec tor ind ustr ial. Re xió ns ind ustr ializ ada s do mu ndo .	§ B2.8. Exp lica r a dist ribu ció n des igu al das rexi óns ind ustr ializ ada s no mu ndo .	§ XHB2.8. 1. Loc aliz a nun ma pa os paí ses maí s ind ustr ializ ado s do mu ndo , a trav és de len das e sím bol os ade cua dos .	§ CCL § CAA § CSIEE

<p>§ b § e § f § g § h</p>	<p>§ B2.9. Actividades terciarias: transporte.</p>	<p>§ B2.9. Analizar o impacto dos meios de transporte no seu contorno.</p>	<p>§ XHB2.9. 1. Traza sobre un mapa mundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa collita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.</p>	<p>§ CD § CAA § CSC § CSIEE</p>
--	--	--	--	---

<p>§ b § e § f § g § h</p>	<p>§ B2.10. Acti vid ade s terc iari as: co mer cio.</p>	<p>§ B2.10. Ent end er os flux os e os blo que s co mer ciai s.</p>	<p>§ XHB2.10 .1. Def ine os indi cad ore s que mid en os inte rca mbi os eco nó mic os dun paí s.</p>	<p>§ CAA § CD § CCL § CMCCT § CSIEE</p>
--	--	---	---	---

<p>§ XHB2.10. 2. Desc ribe as cara cterí stica s do com ercio inter naci onal na actu alida de.</p>	<p>§ CAA § CCL § CSC § CSIEE</p>			
---	--	--	--	--

<p>§ XHB2.10. 3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razões políticas que se constituem.</p>	<p>§ CAA § CCL § CSC § CSIEE</p>			
<p>§ b § e § f § g § h</p>	<p>§ B2.11. Turismo.</p>	<p>§ B2.11. Analisar o desenvolvimento do turismo e a sua importância económica.</p>	<p>§ XHB2.11 .1. Identificar os tipos de turismo e os seus efeitos</p>	<p>§ CAA § CCL § CCEC § CSIEE § CD</p>

<p>§ XHB2.11. 2. Valorar a importância do</p>	<p>§ CAA § CCL § CCEC § CSIEE § CD</p>			
---	--	--	--	--

<p>turismo na economía española e galega.</p>				
<p>§ b § c § e § f § g § h § m</p>	<p>§ B2.12. Causas do desenvolvem ento desigual no mundo . Débeda externa.</p>	<p>§ B2.12. Análiz ar gráficos de bar ras por países e textos onde se reflicta nos níveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvem ent</p>	<p>§ XHB2.12 .1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.</p>	<p>§ CAA § CCL § CSC § CSIEE § CD</p>

		o e os des env olvi dos .		
--	--	---	--	--

<p>§ XHB2.12. 2. Crea map as conc eptu ais, usan do recur sos impr esos e dixit ais, para expli car o funci ona ment o do com ercio , e sinal a os orga nism os</p>	<p>§ CAA § CCL § CSIEE § CD</p>			
---	---	--	--	--

<p>que agrupan zonas comerciales.</p>				
---------------------------------------	--	--	--	--

<p>§ XHB2.12. 3. Describe o funcionamiento de los intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos que se reflejan en las líneas de intercambio.</p>	<p>§ CAA § CMCCT § CSIEE § CD § CCL</p>			
---	---	--	--	--

<p>§ b § c § d § e § f § g § h</p>	<p>§ B2.13. Tensiones mundiales e subdesarrollo. Soluciones al problema.</p>	<p>§ B2.13. Relacionar áreas de conflicto bélico no mundo con factores económicos.</p>	<p>§ XHB2.13 .1. Realiza un informe sobre medidas para tratar de superar las situaciones de pobreza.</p>	<p>§ CAA § CSC § CSIEE § CCL</p>
--	--	--	--	--

<p>§ XHB2.13. 2. Señala áreas de conflicto bélico no mapamundi e relaciones con factores económicos.</p>	<p>§ CCL § CAA § CSC § CSIEE</p>			
	<p>Bloque 3. A historia</p>			

<p>§ f § l § ñ</p>	<p>§ B3.1. Relación entre el pasado, el presente y el futuro a través de la historia</p>	<p>§ B3.1. Reconocer que el pasado no está "muerto e enterrado", sino que determina el presente y los posibles futuros e espacios, o influencias.</p>	<p>§ XHB3.1. 1. Identificar elementos materiales, culturales o ideológicos que son herencia del pasado</p>	<p>§ CSC § CAA § CCEC</p>
<p>§ h § l § ñ</p>	<p>§ B3.2. Fuentes históricas.</p>	<p>§ B3.2. Identificar, nombrar e clasificar fuentes históricas, e explicar</p>	<p>§ XHB3.2. 1. Nombrar e identificar categorías de fuentes históricas.</p>	<p>§ CSC § CAA</p>

		<p>r dife ren zas entr e inte rpr eta ció ns de font es div ers as.</p>		
--	--	---	--	--

<p>§ XHB3.2.2. Com pren de que a histo ria non se pode escri bir sen fonte s, xa sexa n esta s resto s mate riais ou textu ais.</p>	<p>§ CSC § CAA</p>			
---	------------------------	--	--	--

<p>§ I § ñ</p>	<p>§ B3.3. Cambio e continuidade.</p>	<p>§ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecimentos que determinam os cambios fundamentais no rumbo da história, diferenciando períodos que facilitam o seu estudo e a sua interpretação</p>	<p>§ XHB3.3. 1. Ordenar temporalmente alguns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para isso as nociones básicas de sucesión, duración e simultaneidad.</p>	<p>§ CSC § CMCCT</p>
--------------------	---	---	--	--------------------------

		et ció n.		
--	--	-----------------	--	--

§ XHB3.3.2. Realiza diver sos tipos de eixes cron olóxi cos e map as histó ricos .	§ CSC § CMCCT			
---	------------------	--	--	--

<p>§ f § l § ñ</p>	<p>§ B3.4. Tempo histórico.</p>	<p>§ B3.4. Entender que los acontecimientos se los procesos ocurren a lo largo del tiempo e á vez no tiempo (diacronía e sincronía)</p>	<p>§ XHB3.4. 1. Entender que varias culturas conviven á vez en diferentes enclaves geográficos.</p>	<p>§ CSC § CMCCT</p>
<p>§ h § l § ñ</p>	<p>§ B3.5. Vocabulario histórico e artístico.</p>	<p>§ B3.5. Utilizar vocabulario histórico e artístico con precisión, insertando no contexto</p>	<p>§ XHB3.5. 1. Utilizar vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época</p>	<p>§ CSC § CCL</p>

		ade cua do.	ca.	
§ g § l	§ B3.6. Ida de Mo der na: con cep to e dat aci ón.	§ B3.6. Co mpr end er a sig nifi cac ión hist óric a da eta pa do Re nac em ent o en Eur opa .	§ XHB3.6. 1. Dist ing ue mo dos de peri odi zac ión hist óric a (Ida de Mo der na, Re nac em ent o, Bar roc o, Abs olut ism o, etc.).	§ CSC § CAA

<p>§ f § g § h § l § n</p>	<p>§ B3.7. Re nac em ent o e Hu ma nis mo: alc anc e pos teri or.</p>	<p>§ B3.7. Rel aci ona r o alc anc e da nov a olla da dos hu ma nist as, arti sta s e cie ntífi cos do Re nac em ent o con eta pas ant erio res e pos teri ore s.</p>	<p>§ XHB3.7. 1. Ide ntifi ca traz os do Re nac em ent o e do Hu ma nis mo na hist oria eur ope a, a part ir de font es hist óric as de div ers os tipo s.</p>	<p>§ CSC § CCEC § CAA § CCL</p>
<p>§ l § n § ñ</p>	<p>§ B3.8. Art e ren ace ntis ta e bar roc a.</p>	<p>§ B3.8. Co ñec er a imp orta nci a da arte ren ace ntis ta e bar roc a en Eur opa e</p>	<p>§ XHB3.8. 1. Co ñec e obr as e leg ado de arti sta s, hu ma nist as e cie ntífi</p>	<p>§ CSC § CCEC § CMCCT § CCL</p>

		en Am éric a.	cos da épo ca.	
§ g § l § h § n § ñ	§ B3.9. Pri nci pai s ma nife sta ció ns da cult ura dos séc ulo s XVI e XVI l.	§ B3.9. Co ñec er a imp orta nci a dal gún s aut ore s e obr as des tes séc ulo s.	§ XHB3.9. 1. An aliz a obr as, ou frag me nto s del as, dal gún s aut ore s des ta épo ca no seu con text o.	§ CSC § CCEC § CAA § CCL
§ a § c § d § g § l	§ B3.10. Est ado mod er no: mo nar quí as aut orit aria s, parl am ent aria s e abs olut	§ B3.10. Co mpr end er a dife ren za entr e os rein os me die vai s e as mo nar quí	§ XHB3.10 .1. Dist ing ue as car act erís tica s de réxi me s mo nár qui cos aut orit	§ CSC § CAA

	as.	as mo der nas .	ario s, par lam ent ario s e abs olut os.	
§ a § c § d § g § l	§ B3.11. Mo nar quí as mo der nas : uni ón din ásti ca de Ca stel a e Ara gón . Pos ició n de Gal icia .	§ B3.11. An aliz ar o rein ado dos Rei s Cat ólic os co mo unh a eta pa de tran sici ón entr e a lda de Me dia e a lda de Mo der na.	§ XHB3.11 .1. Co mpr end e os con cep tos de ca mbi o e con tinu ida de en rela ció n co rein ado dos Rei s Cat ólic os.	§ CSC § CAA

<p>§ f § g § h § i § m</p>	<p>§ B3.12. De scu bert as xeo grá fica s: Ca stel a e Por tug al. Co nqu ista e col oni zac ión de Am éric a.</p>	<p>§ B3.12. Ent end er os pro ces os de con qui sta e col oni zac ión, e as súa s con sec uen cia s.</p>	<p>§ XHB3.12 .1. Exp lica as cau sas que con duc iron á des cub erta de Am éric a par a Eur opa , a súa con qui sta e a súa col oni zac ión.</p>	<p>§ CSC § CMCCT § CAA § CCL</p>
--	--	--	--	--

<p>§ XHB3.12. 2. Coñ ece os princ ipais feito s da expa nsió n de Arag ón e de Cast ela polo mun do.</p>	<p>§ CSC</p>			
--	--------------	--	--	--

<p>§ XHB3.12. 3. Sop esa inter preta ción s confl itivas sobr e a conq uista e a colo niza ción de Amé rica.</p>	<p>§ CSC § CAA § CCL</p>			
<p>§ g § l</p>	<p>§ B3.13. Os con flito s eur ope os nos séc ulo s XVI e XVI l a trav és das polí tica s dos Aus tria s: refo rma , con trar refo rma e gue rras de reli xió n;</p>	<p>§ B3.13. Co ñec er traz os das polí tica s inte rna s e as rela ció ns ext erio res dos séc ulo s XVI e XVI l en Eur opa .</p>	<p>§ XHB3.13 .1. An aliz a as rela ció ns entr e os rein os eur ope os que con duc en a gue rras co mo a dos "Tri nta An os".</p>	<p>§ CSC § CAA</p>

	loita pola hexemónía e guerras dos Trinta Anos.			
--	---	--	--	--

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación./Criterios de corrección		
Xeografía e Historia. 2º ciclo de ESO. 3º curso	<p>XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.</p> <p>XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p> <p>XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados</p> <p>Exame escrito</p> <p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados</p>		

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	Exame escrito		
Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados		
Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso	XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados		
Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso	XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados		
Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso	XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados		

<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados</p>		
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados</p>		
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.</p>	<p>Exame escrito</p>		

<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados</p>		
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade. XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados. Exame escrito Exame escrito</p>		
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.</p>		

<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.</p>		
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacións con factores económicos.</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados. Exame escrito</p>		
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>Estándares correspondentes ao bloque 2 de 2º ESO LOMCE</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.</p>		

<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.1.1.Localiza no mapa mundial os continentes e as masas máis densamente poboadas</p> <p>XHB2.1.2Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe enos de acollemento</p>	<p>Exame escrito</p> <p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.</p>		<p>Elabora un informe sobre as causas e consecuencias das migracións actuais</p>
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.</p> <p>XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.</p>		<p>Elabora un mapa sobre fluxos migratorios.</p> <p>Analiza a distribución da poboación europea sacando conclusións.</p>
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.3.1.Explica a pirámide de poboación de España e das súas CC.AA.</p> <p>XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas décadas en España.</p>	<p>Exame escrito</p> <p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.</p>		<p>Compara a pirámide de poboación de España coa dun país en vías de desenvolvemento .</p> <p>Elabora un informe sobre as migracións na actualidade.</p>
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais</p>	<p>Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.</p>		<p>Elabora un informe sobre as consecuencias da emigración na Galicia rural.</p>
<p>Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso</p>	<p>Estándares correspondentes ao bloque 8 de 4º ESO LOMCE</p>			

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso	XHB8.4.1. Discute sobre a construción da U.E. e o seu futuro	Análise de producións (cadernos e diarios) e traballos individuais e en grupo presentados.	Elabora un informe sobre as relacións dun país europeo coa U.E.
---	--	--	---

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Localización. Latitude e lonxitude. Localizar os principais elementos da xeografía física de Galicia e España.	Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de Galicia e da Península Ibérica utilizando datos de coordenadas xeográficas.
Identificar os elementos positivos e negativos dunha paisaxe	Analizar os elementos da paisaxe galega, e distinguir os aspectos positivos e negativos	Comentario por escrito de distintas paisaxes galegas.
Localizar as CC AA e as provincias	Distinguir nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas	Localiza nun mapa mudo político de España
Coñecer as principais actividades cada sector económico e a evolución recente en España	Comparar a poboación activa de cada sector en diversos países, CC AA e localidades.	Analiza mapas temáticos e gráficos con datos de poboación activa. Confecciona gráficos con datos da poboación activa.
Identificar as principais causas da degradación e contaminación da natureza	Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	Analizar táboas de datos e imaxes
Identificar os aspectos positivos e negativos do uso de cadansúa fonte de enerxía.	Coñecer o uso das principais fontes de enerxía e as consecuencias do seu uso.	Análise de noticias, táboas de datos e gráficos

Valorar criticamente a actividade turística, coñecendo a súa importancia, sobre todo en España e Galicia	Coñecer as características da actividade turística e as súas repercusións económicas e sociais.	Análise de noticias, táboas de datos e gráficas
Coñecer e comprender os principais indicadores do desenvolvemento.	Coñecer as causas do desenvolvemento desigual dos territorios mundiais	Análise de noticias, táboas de datos, mapas e gráficas
Coñecer os elementos fundamentais do patrimonio cultural da bisbarra.	Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	Comentario de textos e imaxes. Traballo de campo.
Manexo dun vocabulario básico histórico-artístico	Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época	Definir conceptos
Identifica as principais achegas do Renacemento	Comprende as características máis importantes do Renacemento	Lectura e cuestionarios orais e por escrito
Coñece as principais obras de arte do Renacemento e do barroco	Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época	Análise e comentario de obras de arte
Identifica os aspectos políticos e socioeconómicos que marcaron os distintos períodos, sendo quen de apreciar os cambios	Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación ao s. XVI e XVII e en España	Comentario de documentos-fonte, imaxes, gráficas... Lecturas comentadas
Recoñece as causas e consecuencias principais da colonización do continente americano, cun punto de vista crítico	Explica as causas e consecuencias da conquista e colonización de América para os indíxenas americanos e para os europeos	Comentario de documentos-fonte, imaxes, gráficas... Lecturas comentadas
Coñece e explica a importancia dos principais avatares históricos ocorridos en Galicia	Coñecer os principais acontecementos históricos ocorridos en Galicia nos s. XVI e XVII	Comentario de textos e realización de cuestionarios

PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO CURSO

Procedementos de Avaliación

Os procedementos ou técnicas que se empregarán para avaliar o progreso dos alumnos no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas, elaboradas en base aos contidos, obxectivos e criterios de avaliación específicos

para cada unidade.

- Probas orais a través de Webex ou outra plataforma que nos permita teletraballar.
- Observación sistemática e diaria na aula.
- Traballos do alumnado:
 - Traballos individuais realizados na clase ou en casa.
 - Traballos en grupo levados a cabo na clase preferiblemente, ou en casa.
 - Intervencións dos alumnos na clase.
 - Caderno de aula do alumnado.
 - Exercicios e actividades a realizar na aula virtual.

Criterios de cualificación

A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas a través dos procedementos utilizados, que deben ser variados e capaces de ofrecer información relevante sobre o cumprimento dos estándares da área e dos obxectivos xerais que serven de referente para todas as áreas da ESO e BACH. Para iso en 3º de ESO valoraranse os estándares seguindo o seguinte baremo:

a.- Nota de exame.

- Esta nota suporá ata o **60%** do total da nota da avaliación, agás no caso de EDUCACIÓN A DISTANCIA, que só contará **un 40%**.
- A notas dos exames, para obter o aprobado en cada avaliación, será como mínimo dun **4 en cadanseu exame**, tendo maior importancia os exames máis recentes pois a avaliación será continua, entrando toda a materia xa estudada e non só a do período entre exames.
- Procederáse á realización de **dúas probas escritas por avaliación**.
- Uns 10 días antes da realización dos exames o profesor facilitarlle ao alumnado unhas **orientacións sobre os contidos** a estudar e o tipo de preguntas.
- De suspenderse as clases presenciais, farase un só exame cos contidos do período extraordinario, **vía Webex**, coa cámara aberta e cun tempo limitado para contestar. De considerarse necesario, poderase dividir cada aula en grupos máis pequenos. E tamén, o profesor, pode seleccionar aos alumnos que considere para facerlle exames orais.

b.- Nota por traballo extenso.

- Esta nota suporá ata o **20%** do total da nota da avaliación.
- Será obrigatoria a realización de dous traballos individuais nas dúas primeiras avaliacións, un traballo en grupo (parella) na primeira avaliación, e un traballo en grupo ou individual na terceira avaliación, seguindo as propostas do profesor.
- Estes traballos terán que entregarse en formato informático (word, power point...) ao profesor e, ademais, poderán ser expostos oralmente na aula. Neste caso, cada un dos apartados recibirá unha nota de 0 a 10: **70% o traballo, 30% a exposición oral**.
- Traballos propostos: 1ª avaliación: Viaxando polo mundo; O lugar onde vivo. 2ª avaliación: Análise dun sector económico galego a través das noticias dos medios de comunicación; De onte a hoxe (análise dos cambios na paisaxe e na sociedade a partir de fotos familiares). 3ª avaliación: Arte e poder na Idade Moderna, estudo en profundidade de determinados autores e/ou obras.
- No caso de ter que teletraballar manteranse estes mesmos traballos e procurárase que se presenten os mesmos vía Webex.

c.- Nota por elaboración de prácticos e actividades.

- Esta nota suporá ata o **20%** do total da nota da avaliación. No caso de EDUCACIÓN A DISTANCIA, a ponderación deste apartado subirá ata o **40%**.
- Neste apartado valorárase tanto o traballo desenvolvido no aula como as tarefas encargadas para casa ou a través da Aula Virtual.
- O profesor rexistrará a valoración dos traballos realizados, ben na aula ou ben recibidos na Aula Virtual do Centro ou no correo electrónico de contacto co alumnado. Ademais, o profesor poderá revisar o caderno escolar, onde o alumnado plasmará as actividades que especificamente lle sinala o profesor.

- Para a presentación e organización do caderno o alumnado debe ter en conta as normas facilitadas polo profesor ao comezo do curso.

- No caso de clases a distancia o traballo realizado a través da Aula Virtual substituirá ao caderno como procedemento de avaliación.

- As tarefas da Aula Virtual divídense en dúas categorías:

1. Tarefas de resposta rápida e curta: cuestionarios de opción múltiple ou resposta curta, actividade de cubrir ocos, xogos... Ponderan sobre 5 pts.

2. Tarefas de análise e de resposta redactada: composicións, relacionar conceptos; definición de conceptos... Ponderan sobre 10 pts.

A media será a suma da puntuación de todas as actividades dividida entre o número de actividades propostas. As actividades non realizadas cualificaranse con 0 pts.

- Para superar con éxito o curso o alumno deberá obter unha cualificación positiva na 3ª e nunha das dúas anteriores. En calquera caso, poderase facer un exame de recuperación ao final da 3ª avaliación.

- No suposto de ter todas as avaliacións superadas, a cualificación final será a da 3ª Avaliación.

Distribución, estruturación, desenvolvemento e temporalización dos contidos en unidades didácticas.

Os contidos, como ocorre sempre cos currículos oficiais superan con moito a posibilidade dun tratamento axeitado na aula. Un estudo correcto de cada tema sería imposible no tempo previsto. Aínda así faremos unha proposta ambiciosa, que despois adaptaremos en función das capacidades e rendemento do alumnado.

Tendo en conta a información proporcionada pola profesora que impartiu a materia o curso pasado, en 2º da ESO, houbo unha parte dos contidos non traballada por mor do confinamento. Estes contidos foron os referentes a Historia da Idade Media, polo que na 2ª Avaliación, antes de comezar co Renacemento, adicaremos dúas clases a sinalar os aspectos máis importantes dese período.

1ª Avaliación: A paisaxe galega; O mundo físico; A organización política; A organización económica; O Sector Primario; O Sector Secundario.

2ª Avaliación: Os Servizos; O Renacemento; Os grandes descubrimentos xeográficos.

3ª Avaliación: O Imperio dos Austria; A Europa do século XVII; O Barroco.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia práctica docente é imprescindible. Será global, formativa e continua para poder adoptar medidas de reforzo educativo. Para iso é necesario facer unha autoavaliación crítica da programación e das unidades para melloralas e contrastar experiencias.

Para realizar esta avaliación utilizaremos, como mínimo unha vez cada trimestre, as seguintes escalas de observación, examinaremos os resultados como departamento e tomaremos as medidas oportunas.

Indicadores de logro do proceso de ensino

Escala

1

2

3

4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede)
7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede)
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. (se procede)				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				

6. Combínase o traballo individual e en grupo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. (se procede)				

15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

A avaliación inicial é o punto de referencia do equipo docente na toma de decisións relativas ao desenrolo do currículo e a súa adecuación ás características do alumnado. Aporta información para poder definir, modificar ou enriquecer o proceso educativo que se ofrece ao grupo e a cada un dos alumnos cos que se vai traballar. A información axuda na planificación educativa que ten en conta os coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado, así como as características do entorno no que se desenvolva. Esta avaliación presta tamén atención á maneira de afrontar o alumnado os seu aprendizaxe, de modo que ademais de perfilar o que hai que traballar, indica como hai que traballalo.

Para obter toda a información necesaria para unha avaliación inicial son importantes tanto os informes persoais da etapa anterior ou, no seu caso, a información aportada polo profesorado do curso anterior como os aspectos que proporcionan diversos instrumentos de avaliación.

O uso dun único instrumento de avaliación non garante a recollida de toda a información necesaria, así que usaremos varios: unha lista de observación para recoller información sobre a interacción do alumnado; unha entrevista persoal que nos axuda a e a obter datos sobre a disposición, ánimo, actitude... coa que o alumno se enfrenta aos seus aprendizaxes e unha proba específica que nos ofrece información sobre o que o alumno sabe facer coas aprendizaxes xa traballadas, como se organiza para tomar decisións sen axuda, etc.

Como consecuencia dos resultados desta avaliación inicial, tomaremos as seguintes medidas se é necesario:

- Desenvolver prácticas educativas que favorezan a participación e a aprendizaxe dos alumnos: estratexias metodolóxicas como a aprendizaxe cooperativo ou a titoría entre iguais; adecuación das actividades aos diferentes niveis de competencia curricular do alumnado; selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación; cambios de ubicación na aula...
- Realizar actividades de apoio e recuperación para aqueles alumnos que o necesitan.
- Adaptacións de acceso á información, das condicións de realización das probas, etc.
- Medidas específicas extraordinarias como: adaptacións curriculares significativas (ACS), fórmulas de escolarización, etc

Medidas de Atención á diversidade

As medidas que propoñerei non implican cambiar substancialmente os contidos e serán só adaptacións que manteñen case inalterable o deseño do curso, pero que se fan necesarias para que determinados alumnos progresen.

No entanto, á marxe das vías específicas existentes para os distintos alumnos, a atención á diversidade é un elemento diario na práctica docente, polo que segundo as necesidades de cada momento, axustaremos a nosa actuación ao aula. Isto debe conlevar, polo tanto, á necesidade de adaptar as actividades e o ritmo do proceso aos alumnos.

Como sinalamos con anterioridade as diferenzas entre alumnado aprécianse xa desde o momento no que se inicia o proceso educativo; a falta de entendemento dun contido pode ser debida a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do alumno ou a que estes se imparten con demasiada rapidez e non dá tempo a unha mínima comprensión. É por iso que considero acertado facer, ao principio de cada unidade didáctica, actividades e propostas de traballo que permitan a detección de ideas previas para sentar un punto de partida ao desenvolvemento da unidade. Logo, mediante observación da evolución de cada alumno, estableceréi actividades adaptadas ao seu nivel de aprendizaxe, coñecidas como actividades de reforzo e actividades de ampliación.

As **Actividades de Reforzo** realizadas ao longo da unidade didáctica interrogan ao alumno sobre aspectos moi básicos que deben dominar achega da materia de Xeografía e Historia e que serven de punto de partida para a aprendizaxe de novos contidos. Ao final de cada tema realizarei algunhas actividades dirixidas a reafirmar conceptos, procedementos ou actitudes que algún dos alumnos do grupo non asimilen ben.

As **Actividades de Ampliación** van dirixidas alumnos que polo seu maior grado de madurez intelectual necesitan problemas que lles permitan obter un maior rendemento no proceso de aprendizaxe significativa. Con iso pretendo evitar calquera indicio de discriminación para non dar lugar á formación de subgrupos de distinto nivel dentro do aula. Estas actividades consistirían no tratamento e lectura de material complementario proporcionado por min.

Outro aspecto que considero interesante para atender á posible diversidade dentro do aula é a formación de **grupos de traballo** nos cales se integren alumnos cunhas maiores dificultades para assimilar os contidos da materia xunto con outros cun maior desenvolvo psico-cognitivo. Con isto pretendo que se creen entre eles lazos de solidariedade e que aqueles alumnos cun nivel máis avanzado sirvan aos seus compañeiros, mediante a axuda e a motivación, de ponte para conseguir os obxectivos comúns da materia.

Elementos Transversais

Segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, son elementos transversais do currículo:

1. A comprensión lectora
2. A expresión oral e escrita
3. A comunicación audiovisual
4. As Tecnoloxías da Información e a Comunicación
5. O emprendemento
6. A educación cívica e constitucional

Ademáis terán cabida na aprendizaxe da Xeografía e a Historia a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Como é de esperar, na materia de Xeografía e Historia se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC que serven de referente operativo e se procura a súa utilización ao longo do curso a través do uso de Internet (como fonte de información e práctica de diversos contidos mediante actividades interactivas), dun procesador de textos (para a expresión e creación persoal), de vídeos, de actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia (blogs, e-mails, foros)...

Igualmente, o emprendemento se traballará tentando que os alumnos teñan confianza en si mesmos, tomen a iniciativa para realizar diferentes actividades e as poñan en práctica na vida real. Con estes obxectivos, invitarase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas, a buscar orientación ou axuda cando a necesiten, a compartir e a organizar o traballo en grupo.

A educación cívica e constitucional é un referente permanente nas actividades da materia e nas relacións interpersoais, tanto entre os propios alumnos como nas súas relacións e comunicación co profesor. Resultan de especial relevancia as accións para a mellora da convivencia, a tolerancia, a

prudencia, o autocontrol, o diálogo, a empatía e a resolución de conflitos.

En canto á interdisciplinariedade, as unidades traballan contidos que se relacionan cos doutras asignaturas como non podía ser doutro xeito, posto que se hai un termo que caracterice á Ciencias Sociais é a interdisciplinariedade. Así, distintas unidades didácticas teñen unha relación directa co mundo do pensamento filosófico; as correspondentes ao bloque dos conflitos e as novas formas de guerra relaciónanse co currículo de Tecnoloxía industrial, as crises e bonanzas do desenvolvemento económico entroncan con temas comúns que atopamos en programacións de Economía e, por suposto, en todas elas estará presente o coñecemento xeográfico (mapas), matemático (gráficas), a Lingua española (recordemos os procedementos e criterios de avaliación), etc.

Metodoloxía

Aula

O traballo na aula xirará sempre arredor das diferentes unidades. O obxectivo é que as clases sexan participativas, que o protagonismo do alumnado sexa chave. Polo tanto, partindo da presentación realizada polo profesor proporáse distintas tarefas que permitan coñecer e profundizar no tema respectivo. En definitiva, que permitan aprender.

Acotío usaremos o proxector para que o alumnado visualice e teña un acceso máis doado aos diferentes recursos didácticos. Ao mesmo tempo permíteselle aos alumnos e alumnas usar dispositivos electrónicos para acceder a AV ou a calquera outra fonte de coñecemento, para buscar información, para calcular, etc.

A distancia

De vernos obrigados a traballar a distancia usaremos como núcleo do traballo a AV. Alí proporáse os exercicios previstos para a aula, pero para seren entregados por esta vía: cuestionarios, comentario de imaxes e vídeos, tarefas de cubrir ocos, encrucillados..., definición de conceptos, traballos individuais sobre a materia a estudar, etc.

Ademais da Aula Virtual o alumnado ten outro enderezo de correo electrónico para porse en contacto co profesor. De ser necesario farase un grupo de WhatsApp para un contacto máis inmediato.

Na medidas das posibilidades manteremos as tres sesións de clase semanais para cadanseu grupo, vía Webex.

Segundo os datos que temos ningún alumno/a ten problemas de conectividade, pero estaremos atentos a calquera eiva neste sentido para que non afecte á formación do alumnado afectado.

Actividades Extraescolares

A realización destas actividades está, en xeral, condicionada polas restricións causadas pola epidemia. Son pois, máis un desexo que unha posibilidade real. De tódalas formas conservámolas na programación porque considerámolas moi importantes para a formación integral dos rapaces e rapazas, e loitar por levar a cabo as que se poidan, aínda que sexa noutras datas.

Saídas didácticas

1º trimestre: Visita á exposición *De Nós a nos*, na Cidade da Cultura e percorrido polo casco vello de Santiago.

2º trimestre: Visita a Allariz no marco do Proxecto Terra.

3º trimestre: Visita a paisaxes significativos da comarca (Xesteiras, Brañas de Xestoso, Berres, Agronovo, San Miguel de Castro, Pazo de Oca...)

* Poderase organizar calquera outra saída relacionada coa materia sempre e cando se considere conveniente para a formación do alumnado.

Charlas

1º trimestre: Representante dunha ONG, para falarnos dos seus obxectivos e actuacións.

2º trimestre: Charla dun representante dunha organización ecoloxista da bisbarra sobre 'Actividades económicas e medio ambiente'.

* Poderán asistir a calquera outra charla deste ou doutro departamento sempre e cando se considere conveniente para a formación do alumnado.

Exposicións

Exposicións didácticas de distintas organizacións ou asociacións con temática relacionada coa materia. Colocaranse na parede do corredor da Biblioteca.

Fundación 10-M

- España século XX: escenas do traballo
- As mulleres tamén emigran

Asociación Raiceiros

- As pontes do río Ulla

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

A programación didáctica revisarase periodicamente utilizando a escala de observación que aparece a continuación, se analizarán os seus resultados en reunións de departamento e se tomarán as medidas oportunas para a súa mellora.

ESCALA DE OBSERVACIÓN

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				

5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas,				

traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. (se procede)				

24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
26. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
27. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Materiais e recursos didácticos

A diversidade de alumnado esixe diversidade de materiais para poder responder en consonancia co principio de individualización do ensino. No que á selección de materiais refírese, trátase de escoller aqueles que interesen aos alumnos e de elixir contidos relevantes, ademais de propiciar actividades favorables ás novas aprendizaxes tecnolóxicas. O centro ofrece unha ampla gama de materiais e recursos didácticos como medios audiovisuais, aulas de informática e, sobre todo, relacionada coa nosa materia, unha biblioteca con recursos importantes.

- Materiais impresos e/ou dixitais: empregaranse apuntamentos elaborados polo propio profesor. Para o estudo da paisaxe e do patrimonio usaremos o libro **PAGUS e a Unidade Arquitectura Popular do Proxecto Terra**. Acotío usaremos a prensa escrita dispoñible na biblioteca, da que tamén faremos uso para outras lecturas.
- Materiais informáticos ou novas tecnoloxías: en consonancia coa sociedade, as novas tecnoloxías deben xogar un importante papel instrumental na formación do alumnado. Os recursos telemáticos, como Internet poden ser empregados no desenvolvemento de diversos contidos, por exemplo, coas páxinas, presentadas na sesións. Ademais, utilizarase o proxector para visualizar presentacións e calquera outro material.
- Material audiovisual: para buscar unha relación directa entre a materia e o mundo que nos rodea, intentarase visualizar fragmentos ou a totalidade de versións cinematográficas de obras relacionadas co temario e/ou documentais.
- **Aula Virtual**: As Unidades, e o resto do material para o estudo da materia, estará a disposición do alumnado na Aula Virtual, onde se presentará de xeito organizado para facilitar o seu uso.

O alumnado está repartido en dous grupos A e B con 26 e 30 integrantes respectivamente. Non hai alumnado coa materia de Xeografía e Historia pendente de 3º curso. O grupo B é moi numeroso, o que dificulta as clases.

GRUPO	Nº ALUMNOS	PENDENTES	REPETIDORES
A	26	0	0
B	30	0	0

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística (CCL) Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

Aprender a aprender (CPAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.

Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrática na vida social e cívica.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

Conciencia e expresións culturais (CEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	C C L	C M C C T	C D	C A A	C S C	C S I E E	C C E C
XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	x			x	x		
XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	x				x		x
XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.		x		x	x		

XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	x	x		x	x		
XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.		x			x		
XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.		x			x		
XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	x				x		
XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	x			x	x		
XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes	x			x	x		
XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	x			x	x		
XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	x			x	x		
XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais	x				x	x	
XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.					x		
XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.		x		x	x		
XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.	x			x	x		
XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.				x	x		
XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	x			x	x		

XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	x			x	x		
XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	x			x	x		x
XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	x			x	x		
XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	x				x		
XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	x				x		
XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).				x	x		
XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases da GC. XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos	x			x	x		
XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.					x		
XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam	x			x	x		
XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	x			x	x		
XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State". XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	x			x	x		
XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	x			x	x		
XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco. XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	x			x	x		
XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época. XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.				x	x		
XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	x			x	x		

XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	x			x	x		
XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.	x			x	x		
XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o,CSIEE eurocentrismo e a globalización.	x		x	x	x	x	
XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos	x		x	x	x		
XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.	x	x	x	x	x	x	x
RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COAS COMPETENCIAS BÁSICAS	28	5	3	28	37	3	2

c) Obxectivos

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- o) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- p) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- q) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- r) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- s) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- t) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- u) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

v) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

w) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

x) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

y) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

z) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

aa) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

bb) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: 1º Temporalización. 2º Grao mínimo de consecución para superar a materia procedementos e instrumentos de avaliación.

d1º Temporalización:

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
Antigo Réxime	B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	15 sesións
		XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	
	B1.2. Ilustración.	XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	
Revolucións liberais	B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias	XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron	15 sesións
		XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	
	B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español	XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.	

		XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.		
Revolución industrial	B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	12 sesións	
	B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.	XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.		
		XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.		
	B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.		
	B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?	XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.		
	B3.5. A ciencia no século XIX.	XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.		
A época do imperialismo e a I Guerra Mundial	B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto	XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.	12 sesións	
		XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización		
	B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.	XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.		
	B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.	XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.		
		XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.		
		XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.		
B4.4. Revolución Rusa.	XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.			
B4.5. A arte no século XIX.	XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.			

		XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	
A época de entreguerra	B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.	XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.	15 sesións
		XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.	
		XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	
	B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán	XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.	
	B5.3. II República española e a Guerra Civil.	XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	
		XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	
Causas e consecuencias da II GM	B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.	XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	9 sesións
	B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.	XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito	
		XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.	
		XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	
	B6.3. O Holocausto.	XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	
	B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.	XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	
		XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	
	B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.	XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	
XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).			
Capitalismo e bloque soviético	B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".	XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.	9 sesións

		XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	
	B7.2. Crise do petróleo (1973).	XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	
	B7.3. Ditadura de Franco en España.	XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	
		XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	
O mundo recente	B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época	6 sesións
		XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.	
	B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	
	B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).	XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	
XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc			
XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.			
Revolución tecnolóxica e globalización	B9.1. A globalización económica: concepto e características.	XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	6 sesións
		XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.	
	B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.	XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	

	B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.	XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.	
Pasado, presente e futuro	B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.	XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	Ao longo de todo o curso
		XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	
		XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	
	B10.2. Cambio e continuidade.	XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	
		XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	
	B10.3. Tempo histórico.	XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	
	B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.	XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	

d) 2º Grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos ou técnicas que se empregarán para avaliar o progreso dos alumnos no proceso de aprendizaxe, que aparecen desenvolvidos na táboa, poden ser agrupados en tres grandes grupos: Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito de cada unidade didáctica, cuestionarios escritos), producións do alumnado (traballos individuais realizados na clase ou en casa; traballos en grupo levados a cabo na clase ou en casa; presentación orais realizadas na clase...) e, en terceiro lugar, a observación sistemática e diaria na aula.

Grao mínimo de consecución dos estándares	Estándares de aprendizaxe	Procedementos e instrumentos de avaliación*
B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	Comentario de texto individual sobre o pensamento ilustrado no que se utilcen correctamente os conceptos históricos que aparecen ao remate desta táboa.
	XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	Comentario do mapa de Europa resultante do tratado de Utrech. (exames escritos).
B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos) Participación individual ou en equipo nos foros (Aula virtual)
B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	Comentario de texto individual de dous textos de orientación historiográfica oposta. Cuestionario a partir de documental sobre a Revolución Francesa. Comentario de textos: Declaración de dereitos do home e do cidadán/declaración de dereitos da muller e da cidadá. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	
B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.	Elaboración individual dunha liña de tempo. Elaboración en pequeno grupo dunha táboa comparativa dun mapa de Europa de 1815 e o mapa actual. Exposición oral de conceptos por parte do alumnado. XHB2.2.3. será tratado no Bloque B4.4 Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.	
	XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	
B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	Elaboración de cadro sinóptico comparando as características da I, da II e da III Revolución Industrial a partir de vídeo. Realización en pequeno grupo dun cadro sobre as clases sociais.
B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	Traballo individual sobre a unidade de avaliación de competencias históricas sobre <i>O traballo infantil dende a revolución industrial ata os nosos días</i> .
	XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).

B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España	Véxase B7.3
B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	Comentario individual dos fragmentos visionados do filme <i>Pago justo</i> . Incorporaranse datos da actualidade (XHB7.1.2.) Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.	Comentario individual sobre Acta de Berlín. Completar cadro sinóptico comparando mapa o reparto de África (1884/1885) e África actual. Análise por grupos dos contidos eurocéntricos do libro de texto. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.	
B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	Elaboración de cadro sinóptico de causas e consecuencias da I GM. Completar cadro sinóptico comparando mapa de Europa de 1919 e da actualidade Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.	XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.	
	XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.	
	XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	
B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	Realizar cadro sinóptico sobre a Revolución rusa. Analizar documento sobre o sóviet de Petrogrado.
B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.	Realizar cadro sinóptico sobre as crises do capitalismo. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos). Escribir un breve ensaio sobre a historia en perspectiva de xénero atendendo aos dereitos de cidadanía e á participación da muller no mundo laboral. Visualización da película <i>Sufraxistas</i>
	XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.	
	XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	
B5.2. Analizar as causas do auge dos fascismos en Europa.	XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auge do fascismo en Europa.	Comentario de texto sobre a ideoloxía fascista. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil	XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	Elaboración en pequeno grupo dun cadro sinóptico que recolla as reformas do período republicano. Elaboración en pequeno grupo das causas da Guerra Civil a partir de textos contrastados. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	

B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.	XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	Realizar un cadro sinóptico sobre as causas da II Guerra Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.	Comparación en pequeno grupo do mapa de Europa en 1942 e o da Europa actual Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos)
	XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.	
	XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	
B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	Redacción dun texto explicativo sobre un campo de exterminio a través da búsqueda en internet. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	Comparar mapa de Europa en 1945 e mapa da actualidade. Convertir en cadro sinóptico o mapa do mundo dos bloques. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	
B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	Elaboración de liña de tempo cos principais fitos do proceso de descolonización. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	
B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.	XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.	XHB7.1.2.: Véxase XHB3.3.1. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	
B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.	XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	Elaboración dun cadro sinóptico de causas e consecuencias das crises de 1929, 1973 e 2008. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975	XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	Análise individual dos fragmentos visionados do filme <i>Las trece rosas</i> . Redacción dunha crónica sobre a charla do ex preso político. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	
B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época	Comentario de dous textos que contraponían Estado do Benestar e Estado neoliberal. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.	
B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	Véxase XHB4.4.1. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).

B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso	XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	Elaborar unha crónica sobre a charla do ex preso político Construír unha liña de tempo cos principais fitos da transición Redactar un ensaio sobre a violencia política. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	
	XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	
B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.	XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	Comentar unha noticia sobre o impacto da globalización na vida cotiá. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.	
B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.	XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	Redactar un ensaio sobre o impacto da globalización na vida cotiá. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.	XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.	
B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúns consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	Completar un ensaio sobre o impacto da globalización na vida cotiá con aspectos relacionados coa tecnoloxía Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos)
	XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	
B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	A longo de todo o curso. Véxase relación ao final desta táboa. Elaboración de liñas de tempo. Elaboración de táboas comparativas que reflectan cada un dos mapas esixidos co mapa actual. Presentación oral e escrita dos conceptos esixidos . Participación Foros da Aula virtual. Instrumentos de valoración de respostas (exames escritos).
	XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	
B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	

B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	
---	---	--

***Mínimos exisibles:**

- XHB1.1.1. Diferenciar Absolutismo e Parlamentarismo.
- XHB1.1.2. Diferenciar Antigo Réxime e Ilustración.
- XHB2.1.1. e XHB2.2.1. Explicar as razóns das revolucións burguesas
- XHB2.1.2. Saber valorar e criticar as fontes históricas.
- XHB2.2.2. Redactar un texto narrativo sobre os procesos de unificación alemá e italiana.
- XHB2.2.3. e XHB8.3.3. Recoñecer os fenómenos da violencia política.
- XHB3.3.1. XHB5.1.3. e XHB7.1.2. Entender a perspectiva de xénero na historia: “sufraxio universal” e mundo laboral.
- XHB4.1.1. e XHB4.2.1. Recoñecer situacións de subordinación entre estados.
- XHB4.1.2. e XHB9.1.2. Coñecer o significado do eurocentrismo e de globalización.
- XHB4.3.2. Distinguir o mapa da Europa de 1919 e da Europa actual.
- XHB4.4.1. Explicar os significados da Revolución Rusa e da desaparición da URSS.
- XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.
- XHB5.1.2. e XHB7.2.1. Comparar as crises do capitalismo (1929, 1973 e 2008)
- XHB5.2.1. Explicar as causas dos fascismos.
- XHB5.3.1. Explicar as principais reformas da II República española.
- XHB5.3.2. Explicar as causas da Guerra Civil española.
- XHB6.2.3. Elaborar unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial.
- XHB6.3.1. Recoñecer a significación do Holocausto.
- XHB6.4.1. Explicar as causas do conflito Israel/Palestina.
- XHB6.5.1. Narrar os feitos relevantes do proceso descolonizador.
- XHB7.3.1. Relacionar ditadura franquista e represión.
- XHB7.3.2. Recoñecer as pegadas do franquismo na sociedade actual.
- XHB8.1.2. Recoñecer na contorna persoal os trazos do estado do benestar.
- XHB8.3.1. Entender o significado da Transición española.
- XHB9.1.1., XHB9.2.1. e XHB9.3.1. Recoñecer os fenómenos da globalización na vida cotiá.
- XHB10.1.1. Valorar o impacto da globalización a nivel mundial.
- XHB10.1.3. Analizar na vida cotiá persoal e familiar o impacto das revolucións industrial e tecnolóxica.
- XHB10.2.1. Ordenar temporalmente feitos históricos (véxase relación de Datos).
- XHB10.2.2. Ler mapas históricos (véxase relación de Mapas).
- XHB10.3.1. Recoñecer e respectar na contorna propia a coexistencia de identidades múltiples e diferentes.
- XHB10.4.1. Utilizar con precisión o vocabulario histórico.

Mapas históricos:

Europa en 1713, Europa 1815, Europa 1848, Europa 1870, Europa 1914, Europa 1942, Europa 1945, Europa na actualidade, África 1884/1885, Asia colonial.

Vocabulario histórico mínimo esixible (Bloque 10.4):

anarquismo, antigo réxime, bolsa, burguesía, capitalismo, carlismo, censo, centralización, cidadán/cidadá, clase social, colonia, comunismo, constitución, crack, crise de escaseza o de subsistencia, desamortización, descolonización, desastre do 98, despotismo ilustrado, estados xerais, fábrica, fascismo, feminismo, fidalguía, fordismo, foro, globalización, golpe de estado, gremio, guerra fría, guerra civil, ilustración, imperialismo, industrialización, internacionalismo, liberalismo, liberalismo económico, llibrecambismo, ludismo, metrópole, monarquía absoluta de dereito divino, monarquía parlamentaria, movemento obreiro, nacionalismo, nazismo, parlamento, partido político,

poder executivo, poder lexislativo, poder xudicial, primeiro de maio, proletariado, proteccionismo, república, revolución industrial, rexencia, réxime demográfico, señorío, sindicato, sistema a domicilio, soberanía nacional, socialismo, sociedade estamental, súbdito, sufraxio censitario, sufraxio universal, sufraxismo, taylorismo, terceiro mundo, turismo de masas

e) Concreción metodolóxica, materiais e recursos didácticos

Como material básico usaremos unidades didácticas elaboradas polos membros do departamento. Ademais, e en determinadas ocasións, facilitaráselle ao alumnado fotocopias sobre temas concretos que se consideran relevantes, para profundizar nos mesmos. Tamén se poderán usar outros recursos didácticos: prensa, documentais, páxinas web, libros, bandas deseñadas, etc.

A metodoloxía didáctica na ESO debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por se mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación. Debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

Resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen as estratexias expositivas, as actividades de aplicación e as estratexias de indagación. Apóstase pola práctica dun método de traballo segundo o cal os profesores decidirán, en cada momento e situación, a metodoloxía que deberán seguir:

Indutiva. Parte do particular e próximo ao alumno e á alumna para rematar no xeral e máis complexo.

Dedutiva. Parte do xeral para concluír no particular, no ámbito próximo ao alumno e á alumna.

Indagatoria. Baséase na aplicación do método científico.

Activa. Fundaméntase na realización de actividades variadas polo alumnado.

Explicativa. Inspírase en estratexias de explicación.

Mixta. Combina a práctica de máis dun dos métodos anteriores nunha mesma unidade didáctica.

A intervención educativa estimulará a capacidade de aprender a aprender do alumnado dun xeito funcional e significativo.

Presentaremos os contidos en conxuntos temáticos que se desenvolverán na aula organizados en unidades didácticas, de xeito que fomenten a interdisciplinariedade das ciencias sociais a través da indagación, a investigación o tratamento da información, a análise crítica desa información e a explicación multicausal dos fenómenos sociais e humanos. Completarase o traballo con dinámicas e traballos grupais favorecendo a interacción do alumnado e a aprendizaxe colaborativa.

- Contidos e actividades de aprendizaxe

Bloque	Contidos	Actividades de aprendizaxe
Bloque 1. O século XVIII Europa ata 1789.	B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	T1. Traballo sobre a Ilustración T2.Comentario de texto (monarquía absoluta, ilustración)Comentario de mapas (O mundo arredor de 1800/mundo actual; Europa arredor de 1713/Europa actual)Análise de gravados franceses sobre a sociedade estamental. TL. Fragmentos TA Proba escrita.

	<p>ñ</p> <p>f B1.2. Ilustración.</p> <p>h</p> <p>l</p> <p>n</p> <p>ñ</p>	
Bloque 2. A era das revolucións liberais.	<p>a B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias</p> <p>d</p> <p>g</p> <p>h</p> <p>l</p> <p>a B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas.</p> <p>d</p> <p>g</p> <p>h</p> <p>l</p> <p>ñ</p>	<p>T1.Liña de tempo (revolucións burguesas). Comentario de mapas : Europa 1812, 1815, 1848, 1870, Europa actual. Comentario de mapas: unificación de Alemaña e de Italia. Vídeo sobre Revolución Francesa. Comentario de textos: Declaración de dereitos do home e do cidadán/declaración de dereitos da muller e da cidadá. Comentario de textos sobre os movementos nacionalistas.</p>
Bloque 3. A Revolución Industrial.	<p>f B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.</p> <p>g</p> <p>h</p> <p>l</p>	<p>Lectura de noticias de prensa sobre conflictividade laboral. Explicacións do profesor, especialmente sobre o movemento obreiro. Liña de tempo: Comuna de París, Revolución bolxevique, bloque soviético, caída do muro de Berlín, desaparición da URSS). Comentario do vídeo sobre Revolución Industrial. Análise de gravados e pinturas do XIX sobre obradoiros e fábricas.</p>

	g , h , l	B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.	Realización dun cadro sobre as clases sociais. Cadro sinóptico sobre as ideoloxías anticapitalistas.
	a , c , d , h , l , n	B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	Unidade de avaliación de competencias históricas sobre <i>O traballo infantil dende a revolución industrial ata os nosos días.</i>
Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial.	g , h , l	B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.	Lectura de noticias de prensa sobre III Revolución industrial. Explicacións do profesor. Liñas de tempo: imperialismo e descolonización. Comentario de mapas: conferencia de Berlín, reparto de Asia, mapa mundial actual.
	g , l	B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.	Análise de gravados da época: a carga do home branco, reparto de África. Traballo sobre a Gripe Española Lectura dun capítulo de <i>El sueño del celta</i> , de Vargas Llosa, ou de <i>La guerra de las trincheras</i> , de Jacques Tardi.
	g , h , l	B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.	
	a , c , d , g , h , l	B4.4. Revolución Rusa.	Véxase B3.3
Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945).	g , h , l	B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.	Noticias de prensa sobre a crise económica. Explicación do profesor. Liña de tempo.

	a , c , d , h , l	B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.	Noticias de prensa sobre racismo. Explicación do profesor. Liña de tempo. Realización da unidade didáctica <i>De cristais e muros</i> (explicacións do profesor, redacción individual de textos sobre vídeo, comentario en gran grupo sobre textos literarios, búsqueda de información en internet). Lectura de <i>Enderezo descoñecido</i> , de Kressmann Taylor.
	a , c , d , g , h , l	B5.3. II República española e a Guerra Civil.	Véxase B7.3
Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945).	g , l	B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.	Liña de tempo. Cadro comparativo de mapas de Europa en 1942 e mapa actual. Explicación do profesor. Realización da unidade didáctica <i>De cristais e muros</i> (explicacións do profesor, redacción individual de textos sobre vídeo, comentario en gran grupo sobre textos literarios, búsqueda de información en internet) Lectura de <i>Maus</i> , de Art Spiegelman.
	g , h , l	B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias	
	a , d , l	B6.3. O Holocausto.	
	g , h , l	B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.	
	a , d , g , h , l	B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.	

	l		
Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o desenvolvemento económico do bloque soviético	a	B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".	Véxase B.5 e B.6
	d		
	g		
	h		
	l		
	f	B7.2. Crise do petróleo (1973).	Véxase B.5.1
	g		
	h		
	l		
	m		
	a	B7.3. Ditadura de Franco en España.	Noticias de prensa. Explicación do profesor. Líña de tempo. Visionado de fragmentos de <i>Las trece rosas</i> . Unidade de avaliación de competencias históricas <i>Emigrantes españois de onte e de hoxe</i> . Lectura de <i>El arte de volar</i> , de Antonio Altarriba e Kim.
	c		
	d		
	g		
	h		
	l		
	ñ		
Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI.	a	B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	Véxase B5
	d		
	g		
	l		
	a	B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	Véxase B5
	d		
	g		

	, h , l	
	a , c , d , g , h , l , ñ	B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). Vésaxe B7.3
Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI.	e , g , h , l	B9.1. A globalización económica: concepto e características. Vésaxe B5
	e , f , g , h , l	B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. Vésaxe B5
	e , g , h , l , m , ñ	B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. Realización da unidade didáctica <i>De cristais e muros</i> (explicacións do profesor, redacción individual de textos sobre vídeo, comentario en gran grupo sobre textos literarios, búsqueda de información en internet).

Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.	g , h , l , ñ	B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.	Explicacións do profesor. Comentario de noticias. Análise de mapas que recollen fenómenos analizados diacrónicamente. Elaboración de liñas de tempo que recollan a análise diacrónica de determinados fenómenos. Comparación de mapas do presente con outros momentos históricos anteriores.
	f , l , ñ	B10.2. Cambio e continuidade.	
	f , l , ñ	B10.3. Tempo histórico.	
	h , l , ñ	B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.	

f) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A avaliación inicial é o punto de referencia do equipo docente na toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e a súa adecuación ás características do alumnado. Aporta información para poder definir, modificar ou enriquecer o proceso educativo que se ofrece ao grupo e a cada un dos alumnos cos que se vai traballar. A información axuda na planificación educativa que ten en conta os coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado, así como as características do entorno no que se desenvolva. Esta avaliación presta tamén atención á maneira de afrontar o alumnado os seu aprendizaxe, de modo que ademais de perfilar o que hai que traballar, indica como hai que traballalo.

Para obter toda a información necesaria para unha avaliación inicial son importantes tanto os informes persoais da etapa anterior como a información aportada polo resto do profesorado.

A maioría do alumnado xa estivo co mesmo profesor en cursos anteriores polo que partimos o dun coñecemento amplo das principais capacidades e dificultades que se poidan presentar. En función dos resultados cremos que hai que traballar, sobre todo, os seguintes aspectos: corrección da escritura; capacidade de observación e análise; presentación.

[Ante a posibilidade dunha aprendizaxe semipresencial fomentárase o uso paulatino da Aula virtual: tarefas en liña, envío de imaxes e documentos escritos, participación en foros...](#)

g) Medidas de atención á diversidade

As medidas propostas non implicarán cambiar substancialmente os contidos e serán só adaptacións que manteñen case inalterable o deseño do curso, pero que se fan necesarias para que determinados alumnos progresen.

No entanto, á marxe das vías específicas existentes para os distintos alumnos, a atención á diversidade é un elemento diario na práctica docente, polo que segundo as necesidades de cada momento, axustaremos a nosa actuación ao aula. Isto debe conlevar, polo tanto, á necesidade de adaptar as actividades e o ritmo do proceso

aos alumnos.

As **Actividades de Reforzo** realizadas ao longo da unidade didáctica interrogan ao alumno sobre aspectos moi básicos que deben dominar e que serven de punto de partida para a aprendizaxe de novos contidos. Ao final de cada tema realizaranse algunhas actividades dirixidas a reafirmar conceptos, procedementos ou actitudes que algún dos alumnos do grupo non asimilen ben.

As **Actividades de Ampliación** van dirixidas a alumnos que polo seu maior grado de madurez intelectual necesitan problemas que lles permitan obter un maior rendemento no proceso de aprendizaxe significativa. Estas actividades consistirían no tratamento e lectura de material complementario proporcionado.

Outro aspecto que consideramos interesante para atender á posible diversidade dentro do aula é a formación de **grupos de traballo** nos cales se integren alumnos cunhas maiores dificultades para assimilar os contidos da materia xunto con outros cun maior desenvolvo psico-cognitivo. Preténdese a creación de lazos de solidariedade e que aqueles alumnos cun nivel máis avanzado sirvan aos seus compañeiros, mediante a axuda e a motivación, de ponte para conseguir os obxectivos comúns da materia.

Non se trata tanto de deseñar actividades específicas para o alumnado con máis dificultades, como de facer un seguimento especial de como responden as tarefas propostas oralmente e por escrito. É importante conseguir que participen no desenvolvemento cotiá das clases, que non se agochen, e que cumpran as normas de convivencia xerais, participando na aula.

Continuaranse os reforzos educativos do curso pasado e a un dos alumnos de nova incorporación. Actualmente contabíizamos cinco casos no grupo A e dous no grupo B.

Estos alumnos contarán con exemplares de libros de texto que poderán levar para a súa casa coa finalidade de fomentar a autoaprendizaxe mediante a lectura de textos e imaxes e a invitación a participar na clase ofrecendo ós compañeiros-as pequenas lecturas e comentarios que xulguen de interese.

Considerando que o factor motivación é fundamental, as correccións a efectuar estarán mitigadas, destacaremos a participación e os acertos.

h) Criterios de avaliación e cualificación

A cualificación é o resultado da avaliación sumativa. Resume o xuízo do profesor en relación co nivel de logro dos obxectivos previstos na programación didáctica. Exprésase de forma numérica, entendéndose que toda nota que non acade 5 puntos se considera insuficiente, suspenso. Os criterios de cualificación explicitan como vai proceder o profesor para obter a cualificación.

Considerando que non todos os procedementos de avaliación poden ter o mesmo peso na nota final, o valor ponderativo que lle asignamos a cada un deles para a nota de cada avaliación será o seguinte:

- 1) Probas escritas (exames), o 60 %.
- 2) Realización das tarefas: T1, 15%, T2,10%, TL, 5%,TA, 10%. Total 40%

Os procedementos ou técnicas que se empregarán para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes: probas escritas, observación sistemática na aula, traballos obrigatorios e voluntarios do alumnado, individuais ou en grupo.

Respecto dos exames, normalmente realizaranse dous exames por avaliación. Antes de cada exame facilitaranse unhas orientacións sobre os mesmos ao alumnado Os exames constarán de distintos tipos de preguntas, e serán cualificados de 0 a 10, ao igual que o exame de setembro, para o que se facilitarán uns contidos mínimos. Os criterios de corrección de cada exame serán explicitados na formulación das preguntas, nas que, regularmente, constará numericamente os puntos que se lle asigna a cada pregunta. Sempre se terá en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, especialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión, a ortografía e a coherencia na exposición das ideas. O alumnado suspenso deberá recuperar a avaliación mediante unha proba escrita e a entrega dos traballos que non realizou.

A participación nas clases será avaliada regularmente polo profesor, as observacións por escrito de aspectos particulares dos distintos alumnos. En xeral, terase en conta a adecuación do alumnado ás normas de convivencia básicas (respecto aos compañeiros e ao profesor; intervir ordenadamente e non falar cando non se ten a palabra; realización das actividades propostas; contestar oralmente ás preguntas formuladas polo profesor

Para superar con éxito o curso o alumno deberá obter unha media de cinco puntos nas tres avaliacións. En calquera caso, poderase facer un exame de recuperación ao final da 3ª avaliación. A nota final será a media das tres avaliacións.

i) Concreción dos elementos transversais.

Fomento da Lectura. Comprensión Lectora.

Os obxectivos para a Educación Secundaria Obrigatoria poden concretarse nos seguintes apartados:

- Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores desde a certeza que son a base da aprendizaxe.
- Sumar e coordinar os esforzos das distintas áreas curriculares e das familias para facer posíbel os citados propósitos.
- Desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores.
- Promover a reflexión e o diálogo arredor ás lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións.
- Entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvo moral imprescindíbel na nosa sociedade.
- Favorecer o coñecemento das unidades lingüísticas do castelán e o galego e das súas combinacións observando as semellanzas entre ambos os dous.
- Potenciar o coñecemento do inglés e a produción e comprensión oral ou escrita de diversos tipos de texto neste idioma.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Incentivar reflexións argumentadas e coherentes sobre a forma e o tema das lecturas que sirvan para definir olladas persoais que respecten unha base textual.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.
- Fomentar o uso da biblioteca e da aula de informática utilizándoas como espazos privilexiados de aprendizaxe e goce.
- Activar bibliotecas de aula xestionadas polos alumnos coa intención de fortalecer vínculos de complicidade e diálogo a partir das súas experiencias lectoras.
- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á lectura.

Todos estes obxectivos trátanse polo miúdo e concréntanse no Plan Lector do Centro.

Plan Lector e Biblioteca.

Participación na iniciativa "Hora de ler".

Crearase un foro na Aula virtual de animación á lectura.

No desenvolvemento da materia ao longo do curso, ofreceráselle ao alumnado unha escolma de textos que teñan como telón de fondo o período histórico a estudar en 4ºESO. Serán obxecto de lectura e de traballo a través de actividades relacionadas co programa. Do mesmo xeito, faráselle unha recomendación de posibles lecturas a obter da biblioteca. Entre os títulos que podemos propoñer están: Ramón Otero Pedrayo, *Os camiños da vida*. Mario Vargas Llosa: *El sueño del celta*. Capítulo. Jacques Tardi: *La guerra de las trincheras*. Kressmann Taylor: *Enderezo descoñecido*. Altarriba, Antonio e Kim: *El arte de volar*, etc,

Expresión Oral e Escrita

O desenvolvemento das capacidades de expresión oral e escrita é un aspecto fundamental para o desenvolvemento tanto cognitivo como competencial e social do alumnado. Máis alá do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a expresión oral e escrita o desenvolvemento da habilidade para comunicar coñecementos de forma escritas ou oral é un eixe clave para o desenvolvemento persoal do alumnado.

Ao longo da diferentes etapas e nas distintas materias o alumnado aprenderá a elaborar diferentes tipos de texto oral ou escrito co fin de poder aplicar os coñecementos que adquire e poder transmitilos de forma correcta.

O desenvolvemento das capacidades de expresión oral e escrita debe tamén achegarlle as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que artellan os procesos de comprensión e expresión oral, por un lado, e de comprensión e expresión escrita, por outro. A estruturación do pensamento do ser humano realízase a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

O desenvolvemento Expresión Oral e Escrita, en canto eixe transversal educativo, ten como finalidade o desenvolvemento das destrezas básicas no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada. A adquisición destas destrezas comunicativas só pode conseguirse a través da lectura e audición de distintas clases de textos, da súa comprensión e da reflexión sobre eles, tendo presente que esta non debe organizarse arredor de saberes disciplinares estancos e descontextualizados que prolongan a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua.

O desenvolvemento da Expresión Oral non pode, neste sentido, circunscribirse ás áreas ou materias lingüísticas. Debe estar estreitamente vinculadas ás distintas áreas ou materias do Currículo Educativo. Desta forma potencia o desenvolvemento competencial do alumnado, implicando o alumnado na utilización, aplicación e transmisión dos coñecementos e habilidades que vai adquirindo ao longo do seu ensino.

O traballo dos distintos contidos e competencias traballados nas distintas áreas ou materias incorporará neste sentido a ensinanza de pautas, indicacións e estratexias para aprender a escribir, explicar oralmente, aplicar na elaboración de diferentes tipos de traballos escritos ou de exposicións orais...

Así mesmo, os estándares de avaliación e os indicadores de logro que avalían a aprendizaxe do alumnado avaliarán ou valorarán tamén elementos da expresión oral e escrita do alumnado como parte integrante da aprendizaxe do alumnado.

Por último, é fundamental ensinarlle ao alumnado a realizar uso social da lingua oral e escrita adecuado en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A forma de falar e de escoitar dunha persoa determina a percepción que os demais teñen de cada persoa. É polo tanto imprescindible dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcto aprendizaxe desta dimensión oral da competencia comunicativa e que lle asegure un manexo efectivo das situacións de comunicación nos ámbitos persoal, social, académico e profesional ao longo da súa vida.

O traballo dos distintos contidos e competencias traballados nas distintas áreas ou materias incorporará neste sentido o ensino de pautas, indicacións e estratexias para aprender a escribir, explicar oralmente, aplicar na elaboración de diferentes tipos de traballos escritos ou de exposicións orais...

Comunicación Audiovisual e TIC

Na actualidade a introdución e xeneralización do uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación tanto na redonda social do alumnado como, especificamente, no ámbito escolar fan necesario que os educandos se familiaricen con esta nova realidade como

elemento esencial da súa formación.

O termo TIC engloba, ademais, unha gran diversidade de realidades sociais e educativas ás que o profesorado deberá facerlles fronte desde a aula. Para estruturar adecuadamente o traballo educativo das TIC na ESO enfrontaremos este novo reto educativo a partir destes tres obxectivos:

- a) Levar a cabo unha primeira aproximación á adquisición das habilidades e destrezas directamente relacionadas coas ferramentas informáticas.
- b) Potenciar a familiarización do alumnado coas redondas comunicativas e sociais que supoñen as TIC na súa máis ampla acepción.
- c) Desenvolver a propia tarefa educativa a través do uso dos novos medios e ferramentas que achegan as TIC.

Consideramos prioritario, sen sobrecargar o tempo non lectivo, a comunicación e realización de tarefas on line que permitan a aprendizaxe semipresencial en caso necesario.

Emprendemento

O emprendemento, a competencia para emprender, pode definirse como un conxunto de subcompetencias, categorías ou dimensións básicas, cuxas especificidades virían determinadas polos valores e actitudes que impregnan o proxecto educativo de Vicens Vives. Seguindo os autores antes citados o desenvolvemento do Emprendemento céntrase no desenvolvemento de cinco dimensións ou capacidades do alumnado:

1. Dimensión da interacción social. Somos seres en relación, en comunicación con outros. Ningún proxecto de emprendizaxe ten sentido en solitario, a rede de persoas e contactos con clientes, provedores e outros profesionais é esencial. A cooperación con outros en proxectos de talento compartido multiplica os resultados.

2. Dimensión da motivación e a forza interior. A motivación de logro, as emocións proactivas, as crenzas positivas, a realización persoal, o desenvolvemento dos propios talentos e a autonomía persoal son esenciais para a emprendizaxe, para saír da zona de confort e enfrontar os retos con ilusión e valentía.

3. Dimensión da mellora-innovación. A creatividade é unha ferramenta básica no emprendedor, a capacidade de satisfacer novas necesidades, mellorar procesos e chegar valor. Isto implica apertura e curiosidade, perseverancia, imaxinación e tamén rigor.

4. Dimensión ético-humanista. Os bos negocios fanos as boas persoas. Un negocio malo, desde o punto de vista ético, acaba sendo un mal negocio. Por desgraza vemos todos os días noticias e exemplos de malos negocios. O emprendedor/a necesita unha ética como principio persoal e tamén como estratexia a longo prazo da sostibilidade do seu negocio, construíndo relacións de confianza cos seus clientes.

5. Dimensión simbólico-comunicativa. A capacidade de expresar as ideas en varios formatos comunicativos como debuxos, mapas, narracións, formas de falar tanto verbal como non verbal, é fundamental para a emprendizaxe, porque de nada vale ter boas ideas e proxectos se non sabemos vendelas, se non convencemos a sociedade disto, se non persuadimos.

Educación Cívica e Constitucional

Na educación actual é cada vez máis necesario dispor dun currículo no que valores, saberes, prácticas e comportamentos teñan como finalidade común conseguir que no futuro as alumnas e os alumnos participen plenamente nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe a desenvolver este novo reto educativo propiciando a adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade.

Así, este elemento educativo transversal pretende o desenvolvemento das alumnas e os alumnos como persoas dignas e íntegras, o que esixe reforzar a autonomía, a autoestima e o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a educación cívica e constitucional favorece a utilización sistemática do diálogo. Para isto, propóñense actividades que favorecen a convivencia, a participación, o coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as virtudes cívicas necesarias para unha sociedade democrática.

Así mesmo, contribúese a adquirir o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, a valorar positivamente a conquista dos dereitos humanos e a rexeitar os conflitos entre os grupos humanos e as situacións de inxustiza.

A identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos e virtudes cívicas adecuadas á súa idade na redonda escolar e social, permitirá que os futuros cidadáns se inicien na construción de sociedades máis cohesionadas, libres, prósperas, equitativas e xustas.

A educación cívica e constitucional propón, ademais, o estímulo das virtudes e habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, que require o desenvolvemento dun pensamento propio. A síntese das ideas propias e alleas, a presentación razoada do propio criterio e a confrontación ordenada e crítica de coñecemento, información e opinión favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Desde a Educación cívica e constitucional desenvólvense, así mesmo, iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades. A Educación cívica e constitucional entrena no diálogo e o debate, na participación, na aproximación respectuosa ás diferenzas sociais, culturais e económicas e na valoración crítica destas diferenzas así como das ideas. O currículo atende á construción dun pensamento propio, e á toma de postura sobre problemas e as súas posibles solucións. Con isto, fortalécese a autonomía das alumnas e dos alumnos para analizar, valorar e decidir, desde a confianza en si mesmos e o respecto ás demais persoas.

Favorécese, así mesmo, o coñecemento e o uso de termos e conceptos relacionados coa sociedade e a vida democrática. Ademais, o uso sistemático do debate contribúe especificamente a esta competencia, porque existe exercitarse na escoita, exposición e argumentación.

Outros elementos

Ademais dos elementos transversais explicitados tal e como se establece no Real Decreto 1105/2014 (currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato), traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- a) O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- c) A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse en todo caso comportamentos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- d) Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- d) Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada como fontes de saúde.

k) Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Non hai ningún alumno-a coa materia pendente de 3º curso. No caso de que houbera unha incorporación ao longo do curso o profesor da materia, como se fixo en cursos pasados, facilitará materiais didácticos e realizará un seguimento individualizado das tarefas a realizar en cada avaliación.

Tal e como establece o apartado 22.2 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro; aqueles alumnos e alumnas que, excepcionalmente, sexan promocionados de curso polo equipo docente con materias pendentes, deberán facelo cun plan personalizado de recuperación destas materias nas que se terán presentes:

- os aspectos relacionados coas expectativas de recuperación das materias pendentes por parte do alumnado.
- os Criterios de Avaliación establecidos polo centro e o docente da materia.
- os Estándares de Aprendizaxe que desenvolven estes Criterios de Avaliación.

- os recursos e o equipo docente para realizar as actividades de recuperación para os alumnos con materias pendentes doutros cursos.

En caso necesario o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha un plan de seguimento para a recuperación de materias pendentes de Ciencias Sociais na ESO. Consistirá na elaboración dun caderno de actividades sobre a materia pendente que deberá ser entregado cada trimestre. As datas de entrega serán as seguintes:

Caderno	Data de entrega
Caderno da 1ª avaliación	13 de Decembro
Caderno da 2ª avaliación	15 de marzo
Caderno da 3ª avaliación	20 de maio

Se o alumno non entrega o primeiro ou segundo dos cadernos en data e prazo e convenientemente elaborado, irá directamente á proba de recuperación da materia.

O alumno que non presente este material debidamente elaborado e completo, deberá facer unha proba de recuperación da materia pendente a principios do mes de maio (data por concretar) onde se avaliará do global da materia.

Tanto para o alumnado da ESO como para os de Bacharelato o profesorado do Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ofrecerá a súa disposición algún recreo para aclarar dúbidas.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

- En colaboración coa Biblioteca. Participación na iniciativa *Hora de ler* (unha sesión por trimestre e grupo)
- En colaboración coa Biblioteca. Participación na actividade Coñece a túa contorna: Ruta Das eléctricas no concello da Estrada.
- Asistencia presencial ou virtual a calquera exposición ou evento cultural que xurda durante o curso relacionado coa materia e se considere de interese.

1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

Os docentes avaliamos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes Estándares valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, com o obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os Estándares de aprendizaxe e, se é o caso, os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.

– Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnos celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Como ferramenta para reflexionar e valorar a actividade docente plantexamos a seguinte Rúbrica da Práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, especialmente as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen ó alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e das Competencias adquiridos a través dos Estándares de Aprendizaxe.

Rúbrica de avaliación da práctica docente.	Pouco satisfactorio	Satisfactorio	Moi satisfactorio	Aspectos positivos que se poden destacar	Aspectos que se poden mellorar	Plans ou propostas de mellora
Temporalización das unidades e dos contidos.						
Exposición da información.						
Eficacia das actividades e recursos.						
Diversidade de recursos. Emprego da Aula virtual.						
Estratexias de motivación do alumnado.						
Interacción co alumnado.						
Avaliación das aprendizaxes.						

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. (se procede)				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en grupo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. (se procede)				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

CURSO 2021/22 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Historia do Mundo Contemporáneo (Bacharelato)

Índice:

En base a *RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, e segundo o seu *Capítulo V*, esta programación didáctica aborda os seguintes aspectos:

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN
3. COMPETENCIAS CLAVE
4. OBXECTIVOS
5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: CRITERIOS DE AVALIACIÓN; COMPETENCIAS CLAVE; MÍNIMOS ESIXIBLES E TEMPORALIZACIÓN
6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
7. METODOLOXÍA.
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DOCENTE
11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
14. TRANSVERSALIDADE
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. INTRODUCCIÓN

Un dos obxectivos fundamentais da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é o coñecemento e a comprensión dos feitos e procesos históricos desenvolvidos desde finais do século XVIII, coñecemento que se considera básico para entender o presente e a sociedade actual, xa que tanto un coma a outra forman parte dun proceso inacabado que se configura con elementos herdados do pasado.

É evidente que mediante o estudo da Historia Contemporánea o alumnado desenvolve as competencias básicas, sendo quizais as máis potenciadas a Lingüística, a Social e Cívica e a Cultural. É dicir, o alumnado fórmase para a vida profesional, pero tamén como cidadán que vive en comunidade, entendida en sentido amplo, global. Para coñecer, valorar e respectar outras culturas nas súas distintas manifestacións temos que comezar por coñecer, valorar e respectar a nosa propia cultura e a nosa propia historia, á que tamén se lles prestará unha atención especial, indo do xeral ao particular.

A partir dos Obxectivos, Competencias, Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado desta etapa educativa. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias chega ao século xx, facendo especial fincapé na Europa de Entreguerras e na Segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século xx ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da

globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar tales feitos, a Historia enriquecese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos, o uso das tecnoloxías da información, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do historiador, cun vocabulario científico da disciplina, que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que permitan ao estudante establecer os seus razoamentos e argumentacións.

Por tanto, a Historia do Mundo Contemporáneo debe achegar ao alumnado o coñecemento do mundo actual, e ver a Historia como un proceso no que inciden todos os aspectos da vida do home aínda que dentro da totalidade desa globalización, o historiador pode seleccionar os máis próximos ou os que máis lle interesen, sobre unha realidade histórica concreta obxecto da súa investigación, a partir dunha hipótese de traballo e axudado por un tratamento das fontes históricas.

Este curso contamos cun curso de 19 alumnos en 1º de Bacharelato diurno e 5 no Bacharelato semipresencial nocturno. As diferenzas entre as dúas modalidades obrigan a unha metodoloxía radicalmente distinta. No nocturno só contamos cunha sesión semanal de 45', e cun alumnado maior, con obrigas familiares e laborais, polo que o principal obxectivo será a aprendizaxe dos elementos básicos dos contidos da materia.

Esta programación fundaméntase no *Decreto 86/2015* polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade de Galicia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

Para poder desenvolver unha programación é imprescindible situala nunha contorna concreta e destinala a un alumnado determinado. A presente programación didáctica está dirixida ao alumnado que cursa a materia de Historia do Mundo Contemporáneo, do 1ºB do curso de Bacharelato. Devandito alumnado -un total de 19 matriculados-, cunhas idades comprendidas entre os 16 e os 17 anos, cursan estudos no IES Antón Losada Diéguez, un centro de titularidade pública, que se atopa situado na localidade de A Estrada, no centro da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha poboación de 21.197 habitantes (INE, 2014).

O instituto cumpre co **Real Decreto 132/2010**, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

A xornada do mesmo é de mañá e tarde ao ofertarse ESO e BAC (horario matutino) e ESO e BAC para adultos en modalidade presencial e semipresencial (horario vespertino). Este IES conta con dúas modalidades de Bacharelato (Ciencias Sociais/Humanidades e Ciencias da saúde). Así mesmo, o centro ofrece un Ciclos formativos de grao medio (Administración e Finanzas, Automoción, Informática e Electrónica) e de grao superior (Administración e Finanzas, Automoción, Informática e Electrónica).

O seu estilo educativo fundamentase no pluralismo, os valores democráticos de convivencia e unha metodoloxía activa. Por iso, a acción educativa basearase na proposta de LOMCE con respecto á solidariedade, a cooperación, o diálogo, a tolerancia e o respecto, rexeitando calquera tipo de comportamento discriminatorio.

Os seus órganos de Goberno son de tres tipos: a) *Unipersonales*: Director, Vicedirector, Xefe de Estudos e Secretario; b) *Colexiados*: claustro de profesores e consello escolar; c) *De coordinación docente*: Departamento de Orientación, Departamentos Didácticos (como o de Xeografía e Historia, ao que se adscribe a presente programación) e Comisión de Coordinación Pedagóxica. O seu claustro está constituído por 72 profesores.

Carente, en xeral, de situacións conflictivas dentro da aula, gran parte do alumnado realizou os seus estudos de secundaria no centro (son alumnos transportados do rural), o que repercute de xeito positivo nun mellor aproveitamento dos recursos e dos medios entre profesor e alumno. Contamos tamén con alumnado de Cuntis e de Vedra.

É un grupo bastante heteroxéneo de 15 alumnos. Proceden de centros variados: IES nº1, Antón Losada Diéguez, CPI de Cuntis, Colexio Lourdes, etc. Non hai ningún alumno repetidor.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En base á *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*; e no referente ás competencias clave, nesta materia trabállanse, de forma permanente, as seguintes:

- CSC. Competencia social e cívica.
- CCL. Competencia en comunicación lingüística.
- CAA. Competencia de aprender a aprender.

E de forma máis esporádica ou puntual, en función dos contidos traballados, as restantes:

- CD. Competencia dixital.
- CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CCEC. Conciencia e expresións culturais.
- CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

4. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

Con respecto aos obxectivos xerais do Bacharelato, a materia de Historia do Mundo Contemporáneo debe contribuír a desenvolver no alumnado, dun modo específico e prioritario, as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Criterios de Avaliación; Competencias clave;

Mínimos esixibles e Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Criterios de avaliación	C. clave	Mínimos esixibles	Temporalización (sesións)
----------------------------------	--------------------------------	-----------------	--------------------------	----------------------------------

<p>HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.</p> <p>HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.</p> <p>HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.</p> <p>HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.</p>	<p>B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.</p>	<p>CSC,CAA,CCL,CD,CC EC</p>	<p>HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.</p> <p>HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.</p>	<p>3 1º av</p>
<p>HMCB2.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.</p> <p>HMCB2.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.</p>	<p>B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime. Enumerar as que afectan á economía, A poboación e a sociedade.</p>	<p>CSC,CAA,CCL</p>	<p>HMCB2.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.</p>	<p>1</p>

<p>HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.</p> <p>HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.</p>	<p>B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.</p>	<p>CSC,CCEC,CCL</p>	<p>HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.</p>	<p>1</p>
<p>HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.</p> <p>HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.</p>	<p>B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ámbalas ideoloxías.</p>	<p>CSC,CCEC,CCL</p>	<p>HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.</p>	<p>2</p>
<p>HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.</p>	<p>B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.</p>	<p>CSC,CAA,CD</p>	<p>HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.</p>	<p>1</p>
<p>HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.</p>	<p>B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.</p>	<p>CSC,CCEC,CCL,CAA</p>	<p>HMCB1.6.1. Distingue as principais obras do Rococó</p>	<p>1</p>

<p>HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial. HMCB2.1.2. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.</p>	<p>B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.</p>	<p>CSC,CAA,CCL</p>	<p>HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.</p>	<p>2º av 3</p>
<p>HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial. HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.</p>	<p>B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais</p>	<p>CSC,CAA,CCL</p>	<p>HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.</p>	<p>1</p>
<p>HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas. HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.</p>	<p>B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.</p>	<p>CSC,CAA,CD,CCL,CM CCT</p>	<p>HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.</p>	<p>2</p>

<p>HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.</p> <p>HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.</p> <p>HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.</p> <p>HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.</p>	<p>B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.</p>	<p>CSC,CAA,CSIEE,CCL, CD</p>	<p>HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.</p> <p>HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.</p>	<p>5</p>
<p>HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.</p>	<p>B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.</p>	<p>CSC,CAA,CCL</p>	<p>HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.</p>	<p>1</p>
A avaliación ten que desenvolverse de forma continua ao longo do proceso de aprendizaxe. Non só se avalían os contidos, senón tamén outros aspectos importantes na formación do alumnado: actitudes, expresión oral e escrita, actitude, capacidade de investigación e traballo, etc. Á hora de avaliar teranse en conta as características particulares de cada alumno, informando sempre a este do grao de consecución dos obxectivos e de como actuar para acadalos de ser o caso.

- Criterios xerais de avaliación

- Identificar os cambios históricos e as súas múltiples causas e consecuencias, tanto no pasado como na actualidade.
- Situar cronoloxicamente os períodos e acontecementos fundamentais da Historia contemporánea, relacionándoos co contexto histórico e cos protagonistas dos mesmos.
- Localizar xeograficamente os espazos xeográficos afectados polos procesos históricos.
- Relacionar e explicar fenómenos e acontecementos políticos, sociais, económicos e culturais.
- Explicar as diferenzas entre os distintos réximes políticos, analizando criticamente a súa repercusión sobre os dereitos dos cidadáns.
- Identificar os principais cambios económicos e as diferenzas entre os distintos modelos, analizando as súas repercusións nas desigualdades sociais, o benestar da cidadanía e o medio ambiente.
- Valorar as actuacións dos colectivos sociais e das persoas que loitaron pola mellora das condicións sociais e o cumprimento dos dereitos humanos, e as súas consecuencias.
- Ponderar a situación de desigualdade entre homes e mulleres, valorando positivamente a loita dos movementos sufraxista e feminista, desde o s. XIX ao presente.
- Amosar empatía cara as vítimas da 'historia', caracterizando criticamente as causas da súa situación, con especial atención ao presente.

- Valorar e coñecer os rasgos básicos da cultura occidental, e doutras culturas, sendo quen de caracterizar as relacións entre as mesmas.
- Coñecer e valorar a importancia da conservación e coñecemento dos elementos patrimoniais como fontes de coñecemento do pasado e da identidade colectiva.
- Obter e analizar información sobre o pasado de fontes diversas, valorar a súa relevancia e establecer relacións co contexto histórico.
- Analizar criticamente, cunha voz propia, os acontecementos do pasado e a realidade do presente.
- Amosar interese e conseguir información sobre a vida cotiá a partir da investigación de fontes históricas familiares e locais: fotografías, historia oral, prensa, etc.
- Empregar un vocabulario axeitado nas intervencións na aula, nas exposicións orais e escritas e nos exames.
- Expresarse correctamente de forma oral e escrita.
- Presentar con corrección os exames e traballos.
- Amosar iniciativa propia para ampliar e buscar información e/ou relacionar o presente co pasado, de xeito voluntario.
- Amosar sensibilidade de cara as inxustizas sociais, fuxindo da pasividade ou do desprezo de cara os diferentes ou discriminados polo modelo social imperante.
- Confeccionar mapas, gráficas, mapas conceptuais, eixes cronolóxicos, murais, presentacións...
- Buscar información na rede e na biblioteca de forma autónoma.
- Colaborar activamente cos compañeiros nos traballos, e participar de forma ordenada nos debates e coloquios desenvolvidos na aula.

A avaliación será continua e basearase nos seguintes instrumentos de avaliación do profesor: a observación do traballo e da participación do alumnado na aula, os traballos realizados polo alumnado na casa, as exposicións orais e escritas, e os exames.

O profesor fará un seguimento periódico da evolución da aprendizaxe do alumnado en función dos criterios de avaliación, ao que informará da súa evolución sempre que o considere conveniente, facéndolle ver os aspectos a mellorar.

- Cualificación

- a. Traballos individuais T1 (10%); Traballos investigación T2 (15%); Lecturas (5%). O conxunto deste apartado cualificarase con 3 puntos en cada avaliación.
- b. Exames (70%): Realizaranse a lo menos dous exames por trimestre, cualificados de 0 a 7. Para cada exame o profesor proporcionará unhas orientacións sobre os tipos e cualificación das preguntas, e os contidos básicos para aprobar.

En caso de confinamento as probas escritas(exame) realizarase de forma telemática, a través da aula virtual, ou outros medios corporativos, podendo ser orais, se o profesor o estima oportuno.

É necesario realizar todas estas probas para poder ser avaliado.

A nota de cada avaliación será o resultado da media entre as cualificacións dos dous apartados anteriores. Haberá unha proba de recuperación despois de cada avaliación, nela haberá que realizar unha proba escrita e entregar os traballos non realizados ou realizados deficientemente.

A nota final será a media das tres avaliacións.

Para ao alumnado que non acade os obxectivos proporanse tarefas específicas en función dos criterios de avaliación nos que amosan deficiencias, e que terán a mesma consideración, segundo o tipo de proba, que as indicados nos dous bloques especificados arriba.

En caso de non conseguir superar os mínimos esixibles nas avaliacións ordinarias o alumnado terá que presentarse á convocatoria de setembro. Neste caso as probas serán escritas. En caso de non poder realizalas de maneira presencial haberá que facelo de forma telemática, usando a aula virtual ou outros medios corporativos. As probas poden ser orais se o profesor o estima oportuno.

Bacharelato semipresencial

- A cualificación será continua, baseada nos exames, aínda que se lle poden propoñer tarefas voluntarias que nunca suporán unha redución da nota acadada nos exames, só incremental. En caso de non conseguir superar os mínimos esixibles nas avaliacións ordinarias o alumnado terá que presentarse á convocatoria de setembro. Neste caso as probas serán escritas.

En caso de confinamento as probas escritas(exame) realizarase de forma telemática, a través da aula virtual, ou outros medios corporativos, podendo ser orais, se o profesor o estima oportuno.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DOCENTE

No proceso de aprendizaxe faise necesaria unha reflexión sobre a práctica docente co fin de melloralas. Parécenos necesario facer esta autoavaliación nos seguintes ámbitos de traballo:

- Tratamento da diversidade
- Motivación e protagonismo do alumnado
- Actividades da aula
- Avaliación
- Programación

Para os catro primeiros ámbitos elaboramos unha relación de ítems a valorar:

1. Deseño diferentes actividades para o logro de cada un dos obxectivos?
2. Motivo ao alumnado explicándolle ben os obxectivos a conseguir e a finalidade da actividade?
3. Para o deseño unha actividade teño en conta os coñecementos previos do alumno/a?
4. Relaciono os contidos das actividades coa vida real, facéndolle entender a pervivencia do pasado no mundo actual?
5. Propoño actividades que fomenten a autonomía e iniciativa do alumnado?
6. A alumna/o coñece como se lle avaliará cada actividade ou proba escrita?
7. Programo actividades en función das características de cada alumno/a e teño en conta a diferenza á hora de deseñar tarefas e valorar logros?
8. Propoño metodoloxías diversas?
9. Como organizo o traballo do grupo? (parellas, grupos pequenos, grupos grandes, individual...)
10. Favorezo o traballo interactivo entre os diferentes grupos e organizo axudas entre iguais?
11. Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe?
12. Adapto o material ás diferentes características e necesidades do alumnado?

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O profesorado do Departamento que dá clases nos distintos cursos coordinarase para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente.

O profesor de 1º de Bacharelato proporcionará a principios de trimestre ao alumnado de 2º coa materia pendente unha relación de contidos mínimos que o alumno debe aprender para cada avaliación.

O profesor de 1º de Bacharelato establecerá un calendario de estudo da materia, e encargarse de instar ao alumnado a cumprilo, comprobándoo a través de entrevistas co alumno/a.

O profesor de 1º de Bacharelato e o que imparte clases en 2º de Bacharelato prestarán especial atención a este alumnado, resolvéndolle todas as dúbidas que formule.

O Departamento coordinarase co profesorado titor do alumnado coa materia pendente para evitar que abandone a materia e siga o calendario previsto á hora de estudar.

Neste curso non temos alumnado coa materia pendente.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR

A maioría do alumnado procede do noso mesmo Centro, polo que a mellor avaliación inicial é a información que proporcione o profesor/a que lle deu clases en 4º da ESO. Isto non é óbice para que na primeira sesión se propoña unha proba con preguntas sinxelas sobre os contidos da materia para entregar ao profesor. Ademais desta proba e xa durante o estudo da materia prevista na programación, as propias tarefas a realizar na aula, revisadas polo profesor, e a observación do traballo de aula, permitirá facer un análise axeitado do grao de coñementos e competencias do alumnado.

Unha vez detectadas as principais eivas, o profesor adaptará a metodoloxía e o grao de dificultade das tarefas a capacidade xeral do grupo, e deseñará actuacións específicas e diversas de carácter individual para procurar que todo o alumnado acade os obxectivos.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender ao alumnado con necesidades específicas poñerémonos en contacto do Departamento de Orientación, e coordinadamente definiremos as estratexias para conseguir unha aprendizaxe en igualdade. É obvio, tamén, que para todo o alumnado, pero en especial para estes, a colaboración e o traballo coordinado entre o profesorado é primordial.

Como xa sinalamos arriba, unha vez coñecidas as características particulares dos alumnos e alumnas, adaptaranse os recursos e a metodoloxía ás mesmas. É moi importante ter en conta as diferenzas á hora de ensinar e avaliar, non podemos ver o grupo como uniforme e monolítico. E, sobre todo, debemos prestarlle unha maior atención ás persoas con problemas de adaptación ao sistema educativo 'académico', pero que con toda seguridade teñen posibilidades de aprender ofrecéndolle outras posibilidades e valorándolle os seus méritos. O modelo oficial está concebido para o alumnado 'medio' que, na realidade, non existe.

Medidas de atención á diversidade:

- Realización de traballos en grupo con alumnado de distintas capacidades.
- Deseño de tarefas específicas a realizar na aula ou na casa adaptadas ás características do alumnado: de reforzo e ampliación.
- Seguimento na aula das tarefas realizadas con especial atención ao alumnado con dificultades.
- Diversidade de actividades, que permitan distintos graos de consecución.
- Fomento da participación de todo o alumnado na aula.
- Deseño de exames e probas que inclúan preguntas diversas que permitan a súa resolución a través de distintas canles: comentario guiado de imaxes e textos, preguntas breves, relacionar conceptos, definir conceptos, etc.
- Utilizar unha linguaxe escrita e oral comprensible para todo o alumnado, sen esquecer a importancia da ampliación do vocabulario e do progresivo desenvolvemento dun pensamento complexo.
- Corrección constante das tarefas realizadas polo alumnado.
- Encontros persoais, fóra e dentro do horario da materia, para aclarar e explicar conceptos da materia, propóndolle a realización de tarefas concretas para superar as dificultades.

13. TRANSVERSALIDADE

Educación moral e cívica

- Observar actitudes receptivas, colaboradoras e tolerantes nas relacións entre os alumnos e alumnas e nas actividades do grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e entre os grupos sociais pertencentes á nosa sociedade e a outras sociedades ou culturas diferentes á nosa.

- Valoración positiva da existencia en Galicia de dúas linguas oficiais: unha propia, elemento fundamental da nosa identidade, o galego, que debe defenderse e espallarse para evitar a súas desaparición.
- Actitude crítica ante calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, relixión, lingua, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.
- Análise crítica dos valores culturais da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e doutras culturas.

Educación para a paz

- Respetto polas opinións e crenzas das outras persoas.
- Recoñecemento do diálogo como medio para resolver as discrepancias e os conflitos.
- Rexeitamento da violencia para resolver calquera tipo de conflito.
- Potenciación da tolerancia e do diálogo para calquera situación conflictiva.
- Recoñecemento da contradición entre a procura da paz e a fabricación e tráfico de armamento.
- Recoñecemento das persoas que toman e tomaron posturas activas fronte ás guerras: pacifistas, desertores...
- Identificación das consecuencias para a poboación dos conflitos bélicos: soldados, poboación civil (refuxiados).
- Identificar os procesos históricos e os protagonistas dos mesmos causantes do estalido das guerras e do terrorismo.

Educación para a igualdade de sexos

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación da muller que se deron ó longo da historia e que aínda se dan na actualidade.
- Rexeitamento de calquera tipo de discriminación sexista, en especial dos violentos.
- Visibilizar ás mulleres en todas as etapas históricas.
- Valorar a importancia do asociacionismo como imprescindible para conseguir avances na igualdade.
- Coñecemento da diversidade xeográfica en canto á situación das mulleres.
- Concienciación dos cambios que se teñen producido na situación das mulleres no seu entorno familiar.

Educación ambiental

- Sensibilización polos principais problemas que afectan á conservación do medio ambiente.
- Concienciación de cara á necesidade de conservación da nosa paisaxe, do noso patrimonio natural.
- Rexeitamento de calquera tipo de proxecto que afecte negativamente ao ambiente e a paisaxe galega e española.
- Identificar as causas e consecuencias da perda da biodiversidade para a vida das persoas sobre o Planeta.
- Valorar positivamente a labor dos grupos ecoloxistas.
- Fomentar a participación activa na defensa do medio ambiente.
- 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Facilitarase a asistencia do alumnado ás charlas, saídas ou outras propostas dos departamentos en xeral, e da Biblioteca. Desde o Departamento organizaremos, en coordinación coa Vicedirección e os outros departamentos:

.. Charla telemática ou presencial só para un grupo de algún historiador ou escritor sobre as consecuencias dos conflitos bélicos e a desigualdade económica. Saída a lugares da memoria da comarca (monumentos, paisaxes

onde se desenvolveu algún acontecemento relevante, rueiro, fábrica de luz no río Liñares e Codeseda...). Axustándose ao protocolo covid.

.. Viaxe didáctica a Santiago de Compostela, axustándose ao protocolo covid. para visitar o CGAC e outro evento cultural que se desenvolva na cidade e considerados de interese para a materia (exposicións, conferencias, Parlamento de Galicia, etc.)

A realización destas actividades estará condicionada pola dispoñibilidade, o seu custo e a planificación xeral do Centro, e neste curso polos protocolos do covid 19. En función das posibilidades que xurdan ou dos temas de actualidade poderemos organizar outras actividades non recollidas na programación.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mediante a autoavaliación do proceso do ensino comprobaremos ao longo do curso se se acadan os obxectivos propostos na programación didáctica, en relación cos resultados académicos, e proporanse as modificacións pertinentes para a súa mellora. Farase unha reflexión e análise dos seguintes elementos:

- A idoneidade da selección, distribución e temporalización dos obxectivos e contidos.
- A idoneidade da metodoloxía seguida e dos materiais e recursos didácticos empregados.
- A adecuación dos criterios de avaliación relacionados coa adquisición das competencias clave.
- A adecuación dos obxectivos ás distintas características e necesidades especiais do alumnado
- A eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación. Revisión dos criterios de cualificación.
- O desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias e das relacionadas co Plan Lector do centro, coa integración das TICs e co Plan de Convivencia.

As modificacións que se desprendan desta avaliación faranse constar na memoria final dos departamentos xunto cunha proposta de medidas correctoras que se terán en conta no deseño da Programación Didáctica do seguinte curso.

Bacharelato)

Este curso hai dous grupos de bacharelato, 2º A e 2ºB. O primeiro ten 24 alumnos/as, e o segundo un total de 14. Non hai repetidores.

Coma sempre, a nosa programación está totalmente condicionada polas instrucións do grupo da CIUG para as ABAU.

Optamos por manter os contidos dos anos anteriores, engadindo como material complementario as preguntas e conceptos (sinalados pola CIUG) dos períodos anteriores ao século XVIII. É totalmente inviable impartir toda a Historia de España nun curso cun mínimo de rigor.

A posibilidade dun novo confinamento contemplárase na programación, afectando sobre á metodoloxía empregada.

a) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave						
	CCL	CMC CT	CD	CAA	CSC	CSIE E	C C E C
HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición	X		X	X	X	X	X
HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.	X			X	X		
HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.		X		X	X		
HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as		X		X	X		
HEB5.1.1. Explica o desenvolvemento e as consecuencias da Guerra de Sucesión, e a transcendencia dos Decretos de Nueva Planta. HEB5.1.2. Describe as reformas ilustradas do reinado de Carlos III e explica os límites das mesmas (Motín de Esquilache). . HEB5.1.3. Identifica as principais ideas dos ilustrados españois e galegos, sinalando as críticas formuladas ao modelo do Antigo Réxime. . HEB5.1.4. Describe as características socioeconómicas xerais de España e Galicia (sociedade estamental).	X	X		X	X		
HEB5.2.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. HEB5.2.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.	X				X		
HEB5.3.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. HEB5.3.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.	X			X	X		
HEB5.4.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. HEB5.4.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. HEB5.4.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. HEB5.4.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	X	X		X	X		

HEB5.5.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. HEB5.5.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.	X				X		
HEB5.6.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.	X		X		X		X
HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos	X	X		X	X		
HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.	X			X	X		
HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.	X			X	X		
HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.	X			X	X		
HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.	X			X	X		
HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	X	X		X	X		
HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.	X			X	X		X
HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século IX. HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista.	X			X	X		
HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba. HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.	X				X		X
HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX.	X			X	X		

HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX.	X			X	X		
HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.	X	X		X	X		
HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias	X				X		
HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente. HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía.	X				X		
HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX.			X		X		
HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.	X			X	X		
HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior. HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.	X			X	X		
HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	X	X		X	X		
HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española	X		X	X	X	X	X

HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país.HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	X		X	X	X	X	X
HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.	X	X		X	X		
HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.	X				X		
HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais .HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.	X				X		
HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008 . HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	X	X		X	X		
HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.	X				X		
RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COAS COMPETENCIAS BÁSICAS	32	10	6	25	34	3	6

b) Contidos e concreción de estándares:

- Temporalización.

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
-------------------	----------	---------------------------	-----------------

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación ▪ Número de sesións aproximadas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 0: Como se escribe a historia. Criterios comúns 	B.O.1.Método histórico. Fontes e perspectivas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. 	Ao longo do curso
	B0.2. Análise e comentario de fontes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. 	
	B0.3. Utilidade das fontes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. 	
	B0.4. Mapas e liñas do tempo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5. O s. XVIII en España e Galicia. A crise do Antigo Réxime (1788-1933): Liberalismo fronte a Absolutismo. 	B5.1. O século XVIII en España e Galicia. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB5.1.1. Explica o desenvolvemento e as consecuencias da Guerra de Sucesión, e a transcendencia dos Decretos de Nueva Planta. HEB5.1.2. Describe as reformas ilustradas do reinado de Carlos III e explica os límites das mesmas (Motín de Esquilache). HEB5.1.3. Identifica as principais ideas dos ilustrados españois e galegos, sinalando as críticas formuladas ao modelo do Antigo Réxime. . HEB5.1.4. Describe as características socioeconómicas xerais de España e Galicia (sociedade estamental). ▪ HEB5.2.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. HEB5.2.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. 	1º Avaliación: 16 sesións

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB5.3.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. HEB5.3.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. 	
	B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB5.4.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. HEB5.4.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. HEB5.4.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. HEB5.4.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. 	
	B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB5.5.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. HEB5.5.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. 	
	B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.	HEB5.6.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.A conflictiva construción do Estado liberal 	B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 	1º Avaliación: 16 sesións

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	<p>B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases</p>	<p>HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.</p>	
	<p>B6.3. Proceso constitucional.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. 	
	<p>B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.</p>	<p>HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.</p>	
	<p>B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista.</p>	<p>HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7. A Restauración borbónica: Implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. 	<p>2ª Avaliación: 6 sesións</p>

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba. 	<p>HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX.</p> <p>HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista.</p>	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo. 	<p>HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.</p> <p>HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.</p> <p>HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente 	<p>B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. 	<p>2ª Avaliación: 10 sesións</p>

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	<p>B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. 	<p>3ª Avaliación: 10 sesións</p>

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	<p>B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía).</p>	<p>HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.</p>	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente. HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía. 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.A II REPÚBLICA. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións 	<p>3ª Avaliación: 12 sesións</p>

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. ▪ HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. ▪ HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. ▪ HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior. ▪ HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. ▪ HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. ▪ HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. ▪ HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. ▪ HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. ▪ HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. ▪ HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española 	

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11. A ditadura franquista (1939-1975) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 	<p>3ª Avaliación: 12 sesións</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. 	

Unidade Didáctica	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Temporalización
 - Gráficos e estudos sobre o impacto da sociedade da información.
10. A poboación española
 - Calcular e analizar o índice sintético de fecundidade dun concello, provincia, etc.a partir dos datos do INE ou IGE.
 - Comentar e comparar pirámides de poboación.
 - Gráfica da evolución da poboación activa de España, Galicia, nos últimos anos.
 - Gráfica da transición demográfica en España.
 - Gráfica ou estatísticas coa variable de xénero (actividade, estudos ... feminina).
 - Mapas das porcentaxes de inmigrantes por provincia ou CCAA.

- Gráfica da emigración galega.
 - Mapas e gráficos de ocupación por sectores económicos.
11. O sistema urbano
- Comentario plano urbano sinalando as súas partes e a evolución histórica. (Barcelona, Toledo, Vitoria, Madrid).
 - Paisaxe: comentario dun espazo urbano (alturas, tipoloxías, problemas económicos e sociais).
 - Mapa do sistema urbano en España e en Europa.
 - Mapa do subsistema urbano galego.
12. Organización político-administrativa actual española
- Mapa de crecemento do PIB das CC.AA.
 - Gráfica de índices de benestar social das CC.AA.
13. Unión Europea e España no mundo
- Mapa do PIB per cápita en Europa e no mundo.
 - Gráfica de débeda externa total por rexións do mundo.
 - Mapa de espazos centrais e periféricos no mundo.
 - Gráfica ou táboa do Índice de desenvolvemento humano no mundo.

b.3) Contidos e actividades de aprendizaxe.

Bloque	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe
U.D.1	d,e,g,i,l	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de conceptos. - Identificación, análise e comparación de documentos cartográficos. - Elaboración sínteses. - Composición de cadros e esquemas. - Lectura e comentario de textos. - Manexo da escala e elaboración de cortes topográficos.
	d,e,g,i,l	B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	
	d,g,i,l	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	
	d,g,i,l	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	
	d,e,g,i,l	B1.5. Técnicas cartográficas.	
	d,e,g,i,l	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	
U.D.2	d,e,g,i,l	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	<ul style="list-style-type: none"> -Localización xeográfica dos distintos elementos -Identificación e localización dos principais elementos do relevo. -Elaboración de sínteses sobre evolución xeomorfolóxica. -Definición de conceptos. -Composición de esquemas, mapas conceptuais e cadros comparativos. -Identificación e comentario de mapas temáticos e imaxes. - Realización de cortes
	d,e,g,i,l	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	
	d,e,g,i,l	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	
	d,e,g,i,l	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	
	d,e,g,i,l	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	
	d,e,g,i,l	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	

	d,e,g,i,l	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	topográficos de España e Galicia.
U.D.3	d,g,i,l	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de conceptos. -Elaboración de cadros comparativos e esquemas. - Lectura e comentario de textos. -Análise e comparación de mapas temáticos e atmosféricos. -Síntese e comentario de textos sobre a a interrelación entre clima e outros elementos da natureza. -Identificación e clasificación de climas e análise de climogramas e outras gráficas. -Elaboración e análise de cliseries. -Elaboración e comentario de mapas temáticos de vexetación e paisaxes. -Investigación sobre flora e fauna e aproveitamentos agrícolas. - Comentario de fotografías.
	d,e,g,i,l	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	
	d,e,g,i,l	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	
	d,e,g,i,l	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	
	d,e,g,i,l	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	
	d,e,g,i,l	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	
	d,e,g,i,l,q	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	
	d,g,i,l	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	
	d,e,g,i,l	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseries de vexetación.	
U.D.4	d,e,g,i,l	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	<ul style="list-style-type: none"> -Definición de conceptos. -Elaboración de cadros e esquemas. -Lectura e comentario de textos. - Elaboración e análise de gráficas e mapas temáticos. -Elaboración e comentario de réximes hidrográficos. -Pequenas investigación sobre zonas húmidas, flora e fauna. -Lectura e comentario sobre textos acerca dos aproveitamentos hídricos.
	d,e,g,i,l	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	
	d,g,i,l	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	
	d,e,g,i,l	B4.4. Zonas húmidas en España.	
	d,e,g,i,l	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	
	d,e,g,i,l	B4.6. Augas subterráneas.	
U.D.5	d,e,g,i,l	B5.1. Paisaxes naturais españolas.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de conceptos. -Lectura e comentario de textos. -Debate e investigación sobre desenvolvemento sustentable e pegada ecolóxica.
	d,e,g,i,l,q	B5.2. Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural.	
	d,e,g,i,l,q	B5.3. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.	

	d,e,g,i,l,q	B5.4. Aproveitamento sustentable do medio físico.	-Elaboración de cadros, esquemas e mapas temáticos. -Identificación, clasificación e localización de paisaxes e elementos. -Análise e comentario de imaxes.
	d,e,g,i,l	B5.5. Variedades de paisaxes naturais.	
U.D.6	d,g,i,l	B6.1. Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía.	-Definición de conceptos demográficos. -Cálculo de taxas. -Elaboración e análise de mapas temáticos, gráficas e pirámides de poboación. -Elaboración de cadros e esquemas. -Lectura e comentario de textos e novas de prensa. -Investigación demográfica sobre Galicia e o concello. -Sínteses e resumos. -Debate e comentario sobre envellecemento e superpoboación.
	d,e,g,i,l	B6.2. Evolución histórica.	
	d,e,g,i,l	B6.3. Movementos naturais de poboación.	
	d,e,g,i,l	B6.4. Distribución territorial da poboación.	
	d,e,g,i,l	B6.5. Migracións.	
	d,e,g,i,l	B6.6. Mapa da distribución da poboación española.	
	d,e,g,i,l	B6.7. Mapa de densidade da poboación española.	
	d,e,g,i,l	B6.8. Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.	
	d,e,g,i,l	B6.9. Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega.	
	d,e,g,i,l	B6.10. Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico.	
U.D.7	d,e,g,i,l	B7.1. Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.	-Definición de conceptos. -Elaboración de cadros e esquemas. -Investigación histórica sobre cultivos, propiedade da terra. -Identificación, clasificación e localización de elementos. - Análise de Imaxes. -Síntese-resumo sobre as características do espazo rural galego. -Investigación sobre o sector pesqueiro e silvicultor.
	d,e,g,i,l,q	B7.2. Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios.	
	d,e,g,i,l,q	B7.3. Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características.	
	d,e,g,i,l,q	B7.4. Estrutura da propiedade e tenencia da terra.	
	d,e,g,i,l,q	B7.5. Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais.	
	d,e,g,i,l	B7.6. Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC).	
	d,e,g,i,l,q	B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego.	
	d,e,g,i,l,q	B7.8. Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio.	-Definición de conceptos.

U.D.8	d,e,g,i,l	B8.1. Proceso de industrialización española: características e breve evolución histórica.	-Análise de imaxes e mapas temáticos.
	d,e,g,i,l	B8.2. Localización das fontes de enerxía en España.	-Elaboración de esquemas e cadros resumo.
	d,e,g,i,l	B.8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español.	-Investigación sobre sectores industriais.
	d,e,g,i,l	B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes.	-Identificación, clasificación e localización de industrias.
	d,e,g,i,l	B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro.	-Lectura e comentario de textos sobre a U.E.
	d,e,g,i,l	B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española.	-Investigación sobre tipos de turismo. Traballo sobre o sector secundario/terciario en Galicia.
U.D.9	d,e,g,i,l	B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario.	-Comentario e debate sobre o impacto industrial e turístico na paisaxe.
	d,e,g,i,l	B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio.	-Definición de conceptos.
	d,e,g,i,l	B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico.	-Análise de imaxes e mapas temáticos.
	d,e,g,i,l	B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial.	-Elaboración de esquemas e cadros resumo.
	d,e,g,i,l	B9.5. Espazos turísticos: características e evolución.	-Investigación sobre sectores industriais.
	d,e,g,i,l	B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.	-Identificación, clasificación e localización de industrias.
	d,e,g,i,l	B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral.	-Lectura e comentario de textos sobre a U.E.
U.D.10	d,e,g,i,l	B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio.	-Investigación sobre tipos de turismo. Traballo sobre o sector secundario/terciario en Galicia.
	d,e,g,i,l,q	B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade.	-Comentario e debate sobre o impacto industrial e turístico na paisaxe.
	d,e,g,i,l	B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento.	-Definición de conceptos.
	d,e,g,i,l,q	B10.4. Características do proceso de urbanización. Areas de influencia.	-Identificación, clasificación e localización de elementos urbanos en planos e mapas.
	d,e,g,i,l,q	B10.5. Características da paisaxe urbana.	-Elaboración de cadros e resumos.
	d,e,g,i,l,q	B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial.	-Lectura, comentario e debate sobre problemas actuais na cidade.
	d,e,g,i,l	B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades.	-Elaboración e comentario de mapas temáticos.

	d,e,g,i,l,q	B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso.	
U.D.1 1	d,e,g,i,l,q	B11.1. Organización territorial de España.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de conceptos. -Identificación, clasificación e localización de unidades territoriais. -Elaboración de mapas temáticos, cadros e gráficas. -Lectura e debate sobre textos.
	d,e,g,i,l	B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial.	
	d,e,g,i,l	B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais.	
	d,e,g,i,l,q	B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia.	
	d,e,g,i,l,q	B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías.	
U.D.1 2	d,e,g,i,l	B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política.	<ul style="list-style-type: none"> - Definición de conceptos. - Elaboración de gráficas, cadros e sínteses. - Análise e comentario de mapas temáticos e textos sobre dependencia enerxética. - Texto sobre o novo Tratado Comercial UE-EUA. - Debate sobre a globalización e o papel de España: comentario do caso Inditex. - Debate sobre Galicia e o seu papel na U.E. e no mundo.
	d,e,g,i,l	B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.	
	d,e,g,i,l	B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	
	d,e,g,i,l	B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.	
	d,e,g,i,l	B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais.	
	d,e,g,i,l	B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais.	
	d,e,g,i,l	B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	
	d,e,g,i,l	B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.	
	d,e,g,i,l	B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais.	

c) Concrecións metodolóxicas na materia / materiais e recursos didácticos:

O tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer polo tanto, a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia, polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha. Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

Resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiado, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación, e as estratexias de indagación.

Na materia de Xeografía de 2º de Bacharelato usaremos como referencia material elaborado polos membros do departamento, libros das editoriais Anaya e Santillana e atlas e dicionarios especializados. Para a actualización (estadística, económica,...etc.) utilizaremos a prensa dixital especialmente en xeografía humana. Aproveitaremos a información suministrada nas páxinas web de diversos servizos oficiais que en moitos casos contan con recursos didácticos interesantes (meteogalicia, IGN, INE etc.). O obxectivo é que o alumnado remate o ano académico tendo manipulado un surtido amplo de fontes de información das que tirar coñecemento.

O manexo destas fontes de información e produción de traballos por parte do alumnado, tamen contempla o uso das TICs. Alguns recursos serán certas aplicacións tales como prezi, powerpoint, para elaborar presentacións ou mostrar unha relación de conceptos explicados rapidamente ao gran grupo; Excel, para a elaboración de gráficos; Google Earth ou Maps, para a localización de lugares, visitas virtuais a enclaves arqueolóxicos e análise do relevo da Terra; mapas flash interactivos para traballar a xeografía descriptiva e todas aquelas que suxira o alumnado.

Como medida de prevención e ante a posibilidade dunha aprendizaxe semipresencial, iniciaremos o antes posible o manexo de ferramentas que permitan a comunicación co alumnado, a entrega de documentos e a resolución de problemas mediante o uso da Aula virtual do IES. No caso de chegarse a tomar esta medida de confinamento recorreremos ao servizo de videoconferencia tal e como se fixo no pasado curso con resultados máis que aceptables.

d. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

De acordo co perfil competencial da materia antes apuntado, e os tipos de proba deseñados nas Probas de Acceso á Universidade, faremos unha avaliación inicial ó comezo de cada bloque temático en torno a dous instrumentos esenciais:

- Comentario dunha imaxe (fotografía aérea, MTN, mapa temático, gráfico etc.).
- Comentario de texto.

Esta avaliación inicial de cada bloque (realizada oralmente ou por escrito) proporcionará información sobre o grao de coñecemento dos contidos curriculares dos alumnos, pero tamén do progreso e evolución na realización destas técnicas e destrezas ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Deste xeito a Avaliación Inicial permitirá establecer o punto de partida conceptual do alumnado e a súa evolución en aspectos específicos das técnicas antes mencionadas (emprego de vocabulario específico con precisión, identificación de ideas principais, análise e enfoque xeográfico dos fenómenos comentados...).

En función destes resultados, o docente e o departamento replantexarán a programación didáctica en torno a dous aspectos esenciais: temporalización e concrecións metodolóxicas.

e. Medidas de Atención á Diversidade.

De acordo co Departamento de Orientación do centro e as necesidades e informes

recibidos deseñaremos actividades de reforzo e ampliación que con carácter voluntario sirvan de estímulo para os alumnos. Calquera outro tipo de medida de carácter extraordinario seguirá as pautas metodolóxicas apuntadas na parte común desta programación e deseñadas de acordo co Departamento de Orientación.

f. Criterios sobre avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación están claramente determinados polas esixencias da proba de selectividade, polo que nos tomaremos como referencia as orientacións da Comisión da materia que aparecen especificadas nos contidos: pregunta teórica, prácticos, definir conceptos.

1. Desenvolver explicacións coherentes e precisas por escrito sobre os distintos fenómenos xeográficos usando unha terminoloxía axeitada.
2. Analizar e interpretar a información proporcionada por distintos tipos de documentos (gráficas, mapas, textos, imaxes...) sendo quen de explicar criticamente dita información.
3. Escritura correcta, tanto desde o punto de vista gramatical como na organización xeral do escrito.
4. Coñecer os trazos xerais da formación do relevo e os seus elementos máis importantes.
5. Identificar os factores e elementos do clima, explicando os efectos concretos de cada un deles nas características dos distintos climas de España.
6. Coñecer e identificar as principais rasgos das paisaxes naturais españolas e as súas diferenzas: relevo, vexetación, ríos.
7. Coñecer e identificar os principais problemas medioambientais que afectan a España e as súas causas.
8. Coñecer as características xerais da economía española nos seus distintos sectores: primario, secundario e terciario.
9. Identificar os factores de localización e distribución dos diferentes espazos produtivos españois.
10. Analizar e explicar as principais características da poboación española: movementos naturais, movementos migratorios, estrutura da poboación.
11. Analizar e interpretar o proceso de urbanización en España, tanto na súa evolución histórica como nas características e problemas actuais.
12. Identificar, localizar e interpretar as distintas paisaxes humanizadas do territorio español, distinguindo os seus principais elementos.
13. Analizar a organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais, percibindo os seus efectos nas desigualdades territoriais.
14. Coñecer os efectos máis importantes das relacións internacionais de España (sobre todo a UE) nas características concretas do espazo xeográfico español.

En cada avaliación realizaranse dous exames que seguirán o modelo da CIUG agás na primeira avaliación. Na terceira avaliación farase un exame xeral a finais do mes de abril, e outro en maio só para aqueles que deban ou queiran subir a cualificación. Na proba extraordinaria de xullo seguirase o mesmo modelo, entrando toda a materia do curso.

Antes de cada exame proporcionarase ao alumnado unha orientación sobre o mesmo, centrada nos contidos máis salientables.

En cada exame haberá dúas opcións pechadas (agás no primeiro, que só haberá unha opción), e valorarase como sinala a Comisión (teórica: 4 puntos; práctico: 3+1 -o 1 corresponde á localización no mapa-; conceptos: 2 puntos) tendo en conta os coñecementos demostrados, a interpretación correcta dos documentos, a claridade expositiva, a redacción e a presentación.

A avaliación será continua, entrando sempre os contidos xa traballados na aula, e a nota da 3ª Avaliación será a nota final. Non se farán exames de recuperación de períodos específicos, sendo sempre máis importantes os exames máis recentes, nos que entra máis materia.

A nota de avaliación e final basearase fundamentalmente nas cualificacións dos exames, se ben tamén se terá en conta a implicación do alumnado no traballo diario de aula ao longo do curso. Os exames suporán o 80% da nota e a implicación e interese un 20% da mesma. Este 20% valorarase en función dos seguintes instrumentos de avaliación:

- Atención ás explicacións do profesor e realización das tarefas propostas.
- Intervencións na aula.
- Entrega de exercicios propostos de forma voluntaria.
- Asistencia a clases **(de haber confinamentos parciais fomentarase a participación mediante a Aula virtual, e de se producir a necesidade dunha aprendizaxe semipresencial grupal poderá incrementarse o 20% reservado a participación activa).**

Na 1ª Avaliación o primeiro exame contará un 40% e o segundo exame un 60%.

Na 2ª Avaliación o primeiro exame contará un 40% e o 2º exame un 60%. Unha vez posta a nota destes exames, esta suporá o 70% da nota da avaliación, e o 30% restante corresponderá á 1ª Avaliación.

Na 3ª Avaliación o exame 'final' contará un 50%. O outro 50% corresponderá á nota da 2ª Avaliación.

Facilitarase unha nota 'final' ao alumnado, e fixarase un derradeiro exame para aquel alumnado que, voluntariamente, aspire a mellorar a nota provisional. O alumnado que non desexe subir a nota obterá a nota xa anunciada.

O exame final contará un 50%, e a nota provisional anterior outro 50%. A media entre as dúas notas será a nota final do alumnado que concorra a derradeira proba.

No caso de non poder realizar probas presenciais por motivo xustifico recorrerase á ferramenta Cisco-Webex para a realización de probas escritas e/ou orais que serán comunicadas coa antelación suficiente e apoder ser consensuadas co alumnado. (O son e a imaxe destas probas quedará rexistrado).

a) Introducción e contextualización.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e tendo en conta a atención á diversidade. Historia da Arte permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de xeito especial as TIC.

Contamos cun grupo de 14 alumnos/as matriculados en Historia da Arte. As clases semanais, catro sesións, desenvólvense na aula 208/109/112. O alumnado está formado por 12 alumnos de 2º de Bacharelato B, e 2 de 2º de Bacharelato A.

Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.

Competencia de conciencia e expresións culturais. A contribución da Historia da Arte a esta competencia devén fundamental dadas as características propias desta disciplina. Así, mediante a caracterización dos distintos estilos artísticos, e co comentario e análise das principais obras da arte occidental en relación co seu contexto histórico, social e cultural, exercítase plenamente esta competencia. Tamén é potenciada a través da aprendizaxe das técnicas e os elementos das distintas disciplinas artísticas.

É moi importante ter en conta o contexto social, económico, político, ideolóxico, relixioso e biográfico no que foi ideada e realizada a obra de arte. Igualmente, a Historia da Arte fomenta a creatividade e a sensibilidade artística porque tamén invita a valorar unha obra de arte desde un punto de vista puramente estético, o que á súa vez estimula o respecto cara a diferentes valoracións e interpretacións subxectivas. Finalmente, a visita de museos, fundacións e outros centros artísticos promove a involucración do alumnado na vida cultural da sociedade e faino partícipe, como receptor e público, do proceso artístico contemporáneo.

Competencia sociais e cívicas. A súa contribución é moi destacable porque invita a valorar o patrimonio artístico como un legado que hai que preservar e transmitir ás xeracións vindeiras, mediante a participación activa na súa conservación. Ao mesmo tempo, mediante o estudo da relación entre clientes e artistas ao longo da historia, desprégase unha evolución sociolóxica que enfatiza a comprensión da arte como produto eminentemente social. Así mesmo, na realización de traballos de investigación sobre artistas ou obras específicos promóvese a planificación, organización e toma de decisións persoais deliberadas e debidamente xustificadas. Con isto, preténdese contribuír igualmente ao asentamento das bases para unha cidadanía que resolva os seus problemas mediante o respecto mutuo e a aceptación de opinións distintas, argumentando sempre de forma dialogada e considerada os distintos puntos de vista.

Competencia en comunicación lingüística. A área desta materia é humanística, o que especialmente favorece o desenvolvemento da competencia lingüística ao ter que caracterizar e describir os estilos artísticos da arte mediante a terminoloxía específica da Historia da Arte. Ao mesmo tempo, exercítase continuamente a expresión e comprensión escrita porque se utilizan e manexan distintos tipos de textos: explicativos, descritivos e informativos. En particular, o alumno a partir destes textos elabora e procesa a información para poder expola posteriormente de forma comprensible, oral ou escrita. Ademais, en tanto que un dos obxectivos fundamentais da materia é o comentario, a análise e a valoración de obras de arte, estímúlase a comprensión de linguaxes icónicas e simbólicas de representación.

Competencia de aprender a aprender. A través de varias formas, a materia da Historia da Arte contribúe a desenvolver adecuadamente esta competencia. En primeiro lugar, a partir dun tipo de comentario de obras de arte que inclúe aspectos históricos, formais, sociolóxicos e iconográficos, o alumnado adquire autonomía para aplicar estes coñecementos nas súas propias análises, podendo entón elaborar catálogos con breves comentarios de obras onde pode asociar o aprendido a novas experiencias artísticas vividas. Con isto, estímúlase así mesmo a reflexión e disquisición das dificultades encontradas no proceso levado a cabo. En segundo lugar, os contidos específicos da área estimulan o desenvolvemento de estratexias para organizar a

información, aprendela e poder aplicala en contextos distintos: por exemplo, as características dun estilo artístico permiten a súa aplicación a distintas obras tanto de contextos próximos como afastados. Finalmente, o estudo da pervivencia das características estilísticas dalgúns períodos en etapas posteriores contribúe a construír as novas aprendizaxes sobre os xa realizados.

Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Esta materia promove, a través das súas diversas tarefas, o desenvolvemento da capacidade para pór en práctica habilidades de planificación e organización do estudo. Especificamente, na elaboración de catálogos de comentarios de obras de arte e, da mesma forma, tamén na confeccion dos traballos de investigación, requírese o uso de habilidades para planificar, organizar, analizar, comunicar, facer e informar, así como habilidades para traballar de forma cooperativa e flexible como parte dun equipo, asumindo unha actitude de participación activa e decisiva e respondendo de forma positiva ás novidades.

Competencia dixital. Exercítase e desenvólvese esta competencia a partir do uso habitual na materia de distintos tipos de información dixital. Efectivamente, a análise e o comentario das obras de arte, así como a caracterización dos distintos estilos artísticos correspondentes, supón o visionado de imaxes das obras, e, cando corresponde, de plantas, alzados, vídeos, proxeccións isométricas ou do percorrido dalgúns grandes obras en tres dimensións. Ademais, nos traballos de investigación requírase que o alumnado utilice as tecnoloxías da información, tanto na procura da información como no seu procesamento e a súa exposición. Finalmente, grazas á chegada doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e os medios de comunicación visual, a Historia da Arte renovouse de xeito que o acceso á imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Esta unha das competencias que se exercita en menor proporción dentro da Historia da Arte. Porén, en moitas obras de arte si que se traballa ocasionalmente, xa sexa a partir do estudo de proporcións, cánones, esquemas compositivos, dimensións, e relacións entre as partes, e entre as partes e o todo. O desenvolvemento desta competencia, polo tanto, poderase practicar especialmente no estudo de obras clásicas ou influenciadas polo mundo clásico, así como nos patróns xeométricos utilizados nalgúns sistemas de decoración.

c) Obxectivos.

Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo

en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: a) Temporalización. b) Contidos c) Criterios de avaliación. c) Grao mínimo de consecución para superar a materia (**en negra**).

Temporalización	Sesións	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)	Competencias clave
1º T	Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica			
▪ SET	▪ 3	▪ B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.	▪ HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
			▪ HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
			▪ HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.	▪ CCEC ▪ CCL
			▪ HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes.	▪ CCEC ▪ CCL
			▪ HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo).	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
▪ SET	▪ 1/2	▪ B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.	▪ HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC
▪ OUT	▪ 5	▪ B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	▪ HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Nikée teatro de Epidauro.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
			▪ HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniseno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA
▪ OUT	▪ 1	▪ B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.	▪ HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA

Temporalización	Sesións	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> OUT 	<ul style="list-style-type: none"> 1/2 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CSC
<ul style="list-style-type: none"> OUT 	<ul style="list-style-type: none"> 3 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). 	<ul style="list-style-type: none"> HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basilica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> OUT 	<ul style="list-style-type: none"> 1/2 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA CD CSIEE

Temporalización	Sesións	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos". 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA CD CSIEE
▪ OUT	▪ 1	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar. 	<ul style="list-style-type: none"> HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA CSIEE
1º T		<ul style="list-style-type: none"> Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval 		
▪ NOV	▪ 1	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martiría" paleocristiáns, e as súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
▪ NOV	▪ 2	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
▪ NOV	▪ 1/2	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). 	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
▪ NOV	▪ 2	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus 	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL

Temporalización	Sesións	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)	Competencias clave
		estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense). 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
▪ NOV	▪ 1	▪ B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrexas e dos mosteiros na arte románica: Interior do mosteiro de Oseira. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
▪ NOV	▪ 1/2	▪ B2.6. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles.	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CSC
▪ NOV	▪ 1/2	▪ B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia). 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
▪ NOV	▪ 1/2	▪ B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
▪ NOV	▪ 1	▪ B2.9. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CSC

Temporalización	Sesións	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> NOV 	<ul style="list-style-type: none"> 3 	<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). 	<ul style="list-style-type: none"> HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas: "Pranto ante Cristo morto" e "A fuxida a Exipto", de Giotto, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martiria" paleocristiáns, e as súas partes. ▪ HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla. ▪ HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena.
Realizar esquemas partindo de planos arquitectónicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrexas e dos mosteiros na arte románica: Interior do mosteiro de Oseira. ▪ HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica. ▪ HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina. ▪ HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims. ▪ HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas: "Pranto ante Cristo morto" e "A fuxida a Exipto", de Giotto, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas. ▪ HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico. ▪ HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá. ▪ HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéjar e especifica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéjar popular e o cortesán.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida). ▪ HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo. ▪ HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos). ▪ HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno 	
Elaboración dun eixe cronolóxico	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. ▪ HAB3.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. ▪ HAB3.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. ▪ HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos. ▪ HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "David" e "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna. ▪ HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de Veronés.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.4.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española. ▪ HAB3.4.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española. ▪ HAB3.4.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.5.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enterro", de Juan de Juni.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito".
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.6.1. Explica as características esenciais do Barroco.
<p>Análise de produción (comentario comparativo de esculturas: David de Donatello, de Miguel Anxo e de Bernini)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista. ▪ HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista. ▪ HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco. ▪ HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "David" por Michelangelo e por Bernini. ▪ HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante. ▪ HAB3.6.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes. ▪ HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.
<p>Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versailles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.
<p>Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo e Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro". ▪ HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza. ▪ HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII. ▪ HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera; Torre do Reloxo da Catedral compostelana e fachada de Santa Clara.
Instrumentos de valoración de respostas (exposición oral dunha obra e exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena. ▪ HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla", "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "As Meninas", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran. ▪ HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura. ▪ HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova. ▪ HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David. ▪ HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaria relixiosa española en madeira policromada.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova. ▪ HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación 	
<p>Recoller no caderno os feitos máis salientables da biografía de Goya.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".
<p>Instrumentos de valoración de respostas (exposición oral dunha obra e exame escrito)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo. ▪ HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista. ▪ HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura. ▪ HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.
<p>Recoller no caderno un resumo dos videos visualizados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner. ▪ HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX. ▪ HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo. ▪ HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo. ▪ HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX. ▪ HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais".
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX 	
Elaborar un eixe cronolóxico Recoller no caderno un resumo dos vídeos visualizados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.
Recoller no caderno a biografía de Picasso e Dalí.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul". ▪ HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo. ▪ HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise. ▪ HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo. ▪ HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas. ▪ HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bloque 6.- A universalización da arte desde a 2ªGM 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura. ▪ HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.
Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica. ▪ HAB6.3.3. Explica o Minimalismo. ▪ HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art. ▪ HAB6.3.5. Explica a arte conceptual. ▪ HAB6.3.6. Explica a Arte Povera. ▪ HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo. ▪ HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.

Instrumentos de avaliación	Estándares de aprendizaxe (Mínimos esixibles)
	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.
<ul style="list-style-type: none"> Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito) 	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.
	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.
	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.
<p>Análise de textos, elaboración dun artigo de opinión.</p>	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.
	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.
	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos.
	<ul style="list-style-type: none"> HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.
<ul style="list-style-type: none"> Bloque 7. O vocabulario artístico 	
<p>Análise de producións (caderno, definición e imaxes) Instrumentos de valoración de respostas (exame escrito)</p>	<ul style="list-style-type: none"> HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.

f) Metodoloxía e recursos didácticos

- Teremos como guía as seguintes consideracións:

- Empregar un método activo.
- Promover a unidade de teoría e práctica, para facilitar a fixación do aprendido. Esta mestura realizarase a través dos exercicios e actividades.
- Promover a participación activa do alumnado na aula: no proceso de aprendizaxe deberán expresar as súas opinións, ideas e valoracións con sentido crítico e capacidade analítica.
- Potenciar a socialización, favorecendo as relacións no grupo e o traballo en equipo, impulsando o contacto co exterior (asistencia a museos, exposicións, visitas...)
- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado. Potenciarase o interese pola arte traballando nun ambiente distendido que propicie a asimilación dos novos conceptos.
- Realización de traballos de investigación sobre autores, así como de obras representativas dun estilo determinado.

Traballárase na aula con Unidades elaboradas polo profesor, onde se fará un percorrido xeral polas características dos distintos estilos, ao que se lle engaden os comentarios amplos das obras seleccionadas pola comisión da CIUGA, de cara ás ABAU.

Se o alumno/a prefire usar outro material ou ampliar o proporcionado polo profesor recoméndase como libro de texto base o editado por Vicens-Vives para 2º curso de Bacharelato. Tamén se lle recomenda o blog 'Polos vieiros da arte' publicado por unha profesora e destinado tamén ao estudo da materia.

O profesor acompañará as explicacións coa proxección de imaxes, o máis detalladas posibles, das principais obras de arte de cada período.

Os alumnos, tamén poderán acceder a información da Biblioteca do centro que servirá como apoio e ampliación das explicacións. Contamos con libros, cómics e material audiovisual a disposición do alumnado.

Todos os materiais iranse colocando na Aula Virtual, que será o lugar de encontro e de traballo, que acadará un protagonismo maior de suspenderse as clases presenciais. Neste suposto o obxectivo é manter o horario e a metodoloxía das clases presenciais nas clases pola Webex.

g) Criterios sobre avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación están claramente determinados polas esixencias da proba das ABAU, polo que tomaremos como referencia ás orientacións da Comisión da materia e o tipo de proba proposto.

A estrutura da proba será dun exame con dúas opcións. O exame ten que ter unha pregunta de cada un dos bloques do programa. Pero entendendo que o exame é o conxunto das dúas opcións, propóllnese tres láminas a elixir dúas por cada unha das opcións. Por outra parte, aínda que o programa está dividido en seis bloques, en realidade solo son cinco porque o bloque quinto e o sexto están fundidos no propio programa alcanzando solo un 20% del total. Polo que nós limitaremos as preguntas a cinco bloques. Ademais seguiremos mantendo oito preguntas de vocabulario a escoller catro que se repetirían, como hasta agora, nas dúas opcións. 4º Nas láminas propostas polo ministerio e asumidas polo borrador da Xunta, podemos introducir, tendo en conta dito borrador, ata un 30 % de modificacións baseándonos en las excepcionalidade de adecuar o programa a contorna. Isto nos permite cambiar algúns exemplos propostos polo ministerio por obras de arte galega que xa tiñamos no programa. 5º Como no programa constantemente reitera “identifica, analiza y comenta” seguiremos mantendo 1 punto por la “identificación”, es dicir pola clasificación de autor, nome da obra, estilo y cronoloxía. Outro punto polo “contexto histórico”. E outros dous puntos polo apartado de análise e comentario.

En cada avaliación faranse dous exames. Estes exames seguirán o modelo da CIUGA. Na terceira avaliación farase un exame xeral a finais do mes de abril, e outro en maio só para aqueles que deban ou queira subir a cualificación. Na proba extraordinaria de xullo seguirase o mesmo modelo, entrando toda a materia do curso.

Antes de cada exame proporcionarase ao alumnado unha orientación sobre o mesmo, centrada nos contidos máis salientables.

En cada exame haberá dúas opcións pechadas, e valorarase como unha proba global (de 0 a 10) tendo en conta os coñecementos amosados, a interpretación correcta dos documentos, a claridade expositiva, a redacción e a presentación.

A avaliación será continua, entrando sempre os contidos xa traballados na aula, e a nota da 3ª Avaliación será a nota final. Non se farán exames de recuperación de períodos específicos, sendo sempre máis importantes os

exames máis recentes, nos que entra máis materia.

A nota de avaliación e final basearase fundamentalmente nas cualificacións dos exames, se ben tamén se terá en conta a implicación do alumnado no traballo diario de aula ao longo do curso. De tal xeito que a nota dos exames suporá un 90% e a realización de tarefas un 10%:

- Atención ao profesor, e realización das tarefas propostas.
- Intervencións na aula.
- Entrega de exercicios propostos de forma voluntaria
- Asistencia a clases.

Na 1ª Avaliación o primeiro exame contará un 30% e o segundo exame un 60%.

Na 2ª Avaliación o primeiro exame contará un 30% e o 2º exame un 60%.

Na 3ª Avaliación o primeiro exame contará un 30% e o 2º un 60%

Facilitarase unha nota 'final' ao alumnado e fixarase un derradeiro exame para aquel alumnado que, voluntariamente, aspire a mellorar a nota provisional. O alumnado que non desexe subir a nota terá a nota xa anunciada.

O exame final contará un 50%, e a nota provisional anterior outro 50%. A media entre as dúas notas será a nota final do alumnado que conorra a derradeira proba.

* No caso de ter que recorrer ao **ENSINO A DISTANCIA** teremos que adaptar os procesos e criterios de avaliación, sempre en función da duración desta situación.

- Farase só un exame sobre os contidos impartidos no período extraordinario, sempre e cando dito período non dure máis de dous meses. De prolongarse farase un exame cada dous meses.

- O exame seguirá o mesmo modelo dos establecido pola CIUGA, pero tendo que enviar (vía AV ou correo electrónico) as respostas nun tempo máximo sinalado e mentres se contesta o alumnado terá a cámara webex aberta.

- As cualificacións, de cara ás distintas avaliacións, desta etapa serán a suma da media das tarefas realizadas na AV (40%) e do/s exames (60%). Dependendo do momento do curso, e da duración do confinamento, a porcentaxe de cara a cualificación global será a correspondente ao mesmo período do ensino presencial.

- Sempre e cando sexa posible, os contidos dos cales se examinen a distancia, poderán ser de novo examinados presencialmente.

- As tarefas da Aula Virtual divídense en dúas categorías:

1. Tareas de resposta rápida e curta: cuestionarios de opción múltiple ou resposta curta, actividade de cubrir ocos, xogos... Ponderan sobre 5 pts.
2. Tareas de análise e de resposta redactada: composicións, relacionar conceptos; definición de conceptos... Ponderan sobre 10 pts.

A media será a suma da puntuación de todas as actividades dividida entre o número de actividades propostas. As actividades non realizadas cualificaranse con 0 pts.

h) Actividades complementarias e extraescolares

A realización das saídas didácticas está, en xeral, moi condicionada polas restricións causadas pola epidemia. Ademais, en 2º de Bacharelato, as urxencias do programa limitan moito a conveniencia de levalas a cabo.

Saídas didácticas:

1º trimestre: Visita a Compostela (casco antigo e CEGAC).

2º trimestre: Visita a Santa Comba de Bande, San Miguel de Celanova e Mosteiro de Oseira.

Exposicións

Proporase ao alumnado a selección de imaxes significativas de arte, acompañadas dun breve comentario (ficha) para imprimir en A3 e expor no corredor da Biblioteca.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

No proceso de aprendizaxe faise necesaria unha reflexión sobre a práctica docente coa fin de melloralala.

Parécenos necesario facer esta autoavaliación nos seguintes ámbitos de traballo:

- Tratamento da diversidade
- Motivación e protagonismo do alumnado
- Actividades da aula
- Avaliación
- Programación

Para os catro primeiros ámbitos elaboramos unha relación de ítems a valorar:

1. Deseño diferentes actividades para o logro de cada un dos obxectivos?
2. Motivo ao alumnado explicándolle ben os obxectivos a conseguir e a finalidade da actividade?
3. Para o deseño dunha actividade teño en conta os coñecementos previos do alumno/a?
4. Relaciono os contidos das actividades coa vida real, facéndolle entender a pervivencia do pasado no mundo actual?
5. Propoño actividades que fomenten a autonomía e iniciativa do alumnado?
6. Coñece o alumnado como vai ser avaliada cada actividade ou proba escrita?
7. Programo actividades en función das características de cada alumno/a e teño en conta a diferenza á hora de deseñar tarefas e valorar logros?
8. Propoño metodoloxías diversas?
9. Como organizo o traballo do grupo?
10. Favorezo o traballo interactivo entre os diferentes grupos e organizo axudas entre iguais?
11. Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe?
12. Adapto o material didáctico ás diferentes características e necesidades do alumnado -presencial, semipresencial-?

m) Elementos transversais

A materia que nos ocupa fomenta unha visión ampla de diferentes modelos sociais ao longo da historia de Occidente. A promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, o rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia serán obxecto de reflexión a partir da contemplación e análise das obras de arte.

Traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; tamén a comunicación audiovisual e as TIC

Igualmente, o emprendemento se traballará tentando que os alumnos teñan confianza en si mesmos, tomen a iniciativa para realizar diferentes actividades e as poñan en práctica na vida real. Con estes obxectivos, invítase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas, a buscar orientación ou axuda cando a necesiten, a compartir e a organizar o traballo en grupo.

A educación cívica e constitucional é un referente permanente nas actividades da materia e nas relacións interpersoais, tanto entre os propios alumnos como nas súas relacións e comunicación co profesor. Resultan de especial relevancia as accións para a mellora da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo, a empatía e a resolución de conflitos.

En canto á interdisciplinabilidade, as unidades traballan contidos que se relacionan directamente cos doutras asignaturas: Historia, Cultura Clásica, Filosofía etc.n) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas.

Avaliación e modificación da programación	Aspectos positivos a destacar	Propostas de mellora
Temporalización das unidades e proxectos		
Exposición da información		
Eficacia das actividades e recursos didácticos.		
Aproveitamento do libro de texto.		
Estratexias de motivación do alumnado.		
Interacción co alumnado.		
Avaliación das aprendizaxes.		

